

A CANDEA



Nº 10

Depósito Legal: LU 454 - 00

XULLO 2003

EXEMPLAR GRATUITO

Edita: ASOCIACIÓN "FONTE DO MILAGRO"

REVISTA DO CAUREL

Esta revista está impresa en papel Ecológico

SUMARIO

Páx 1	Portada CORTES - Foto: E. Méndez
Páx 2	Editorial - (Guía de teléfonos)
Páx 3	As troitas do Río Lor
Páx 5	II Mostra da Serra da Madeira
Páx 6	Notas
Páx 7	Os Cerrumes no Caurel
Páx 8	Entrevista - Dende o Caurel ó Voleivol de Élite
Páx 10	Ruta: Seoane - Seoane
Páx 12	O Castrelo do Caurel
Páx 14	II Certame de Pintura Rápida ó Aire Libre
Páx 16	Novoneyra V Parte
Páx 19	A Festa da Castaña en Paredes (Louzara)
Páx 20	O Ámbito
Páx 21	As Voces
Páx 22	Lugares para visitar
Páx 23	Seguímos falando de obras
Páx 24	Cousas que aconteceron
Páx 25	Nota II
Páx 26	Recuncho para Poesía
Páx 27	Lista de Socios

TELÉFONOS DE INTERÉS

CENTRO MÉDICO (FOLGOSO)	982 43 30 33
CENTRO MÉDICO (SEOANE)	982 43 30 68
HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE	982 41 79 00
EMERXENCIAS MÉDICAS	061
SOS GALICIA	112
CRUZ VERMELLA (PEDRAFITA)	982 36 70 06
CRUZ VERMELLA (QUIROGA)	982 42 83 55
FARMACIA (FOLGOSO)	982 43 30 54
CASA DO CONCELLO	982 43 30 01
CUARTEL GARDA CIVIL (SEOANE)	982 43 30 83
AUTOBUSES "EMPRESA CAUREL"	982 42 82 11
ESTACIÓN DE AUTOBUSES (MONFORTE)	982 40 49 50
ESTACIÓN RENFE (MONFORTE)	982 40 20 96
INCENDIOS FORESTAIS	085

EDITORIAL

Bos días, boas tardes ou boas noites. Un saúdo amigos e fieis de A CANDEA, graciñas por estar outra vez aí, a espera que unha nova candea floreza.

Xa van dez, si "**10**"! ou o que é o mesmo, tres anos de andaina, contando, narrando e relatando cousas do Caurel, tres anos de traballo, eso si, traballo gratificante e cheo de ilusión, e máis sabendo que día a día sodes máis os que dedicades un anaco do voso apreciado tempo a ler e ollar esta humilde publicación.

Empezamos uns poucos e non sen atrancos e sobre todo coa dúbida si o proxecto iría adiante, pero vello e o dito "*a fe move montañas*" e así pensamos que foi. Hoxe xa somos miles, si, miles e non esaxero nada, os que traballamos nisto. A revista do Caurel non é cousa de catro, aquí todos poñemos o ombreiro e quen máis, os moitos e moitos que teñen a santa paciencia de perder un anaquiño do seu apreciado tempo en ler estas poucas follas. Sabemos que son moitos e moitos, porque así no lo fan saber, e día tras día as mostras de agarimo e ánimo seguen a chegar.

Penso que cumprimos os obxectivos marcados; fixemos o que queríamos e nos gusta, amosar cousas desta nosa terra e facelo chegar a todo o mundo e non me quedo curto porque A CANDEA chega **a todo o mundo**. A popular e tan servicial rede de Internet leva a calquera recuncho deste planeta, páxina a páxina e dende o primeiro número, todo o que hasta este momento fixo e dixo esta revista.

É gratificante para todo o equipo que redacta e dirixe esta publicación saber que na Arxentina, Brasil, Venezuela, EE.UU. Francia, Suíza e outros países temos incondicionais que igual descoñecen onde se atopa O Caurel, pero ollando a revista están a ubicalo. Así nolo fan saber.

Graciñas a tódolos que creen en nos, os que mandan os traballos, os que colaboran coa publicidade e sobre todo a quen nos le, sen a súa dedicación non tería sentido a publicación.

Graciñas e unha aperta ós amigos do CAUREL.

O Presidente da Asociación
"FONTE do MILAGRO"



Foto: José Ramón López López



RODRIGO
RURAL

A MELLOR MANEIRA
DE DISFRUTAR DA NATUREZA

Ó PE DA FERMOSA DEVESA DE PADERNE

ALUGUER
DE QUADS



Información e reserva: Tfno e Fax: 982 185 110 Paderne, O CAUREL

AS TROITAS DO RIO LOR

Nestes últimos tempos vemos, con certa asiduidade, persoal de Medio Ambiente vixiando os nosos ríos, tanto o Lor como o Lóuzara anque, lamentablemente, pouco queda que vixiar posto que as troitas son tan escasas que case se pode dicir que están en perigo de extinción en ámbolos dous.

Alá polos anos sesenta os ríos non se vixiaban case nada, tan só de cando en cando a Guardia Civil botaba unha ollada: o xusto para cubrir o expediente.

A xente pescaba, cando e como quería, cantidades importantes dunhas troitas apreciadísimas pola súa excelente calidade. Pescábanse a man, con caña, e ata había furtivos sen escrúpulos que utilizaban dinamita e diversos produtos tóxicos que mataban toda vida posible nun bo tramo do río. Aínda así había troitas para abastecer de peixe a unha poboación moi superior á actual. Pódese dicir que na inmensa maioría das familias do Caurel non se coñecía outro peixe que non foran as troitas dos nosos ríos ou o bacalao, que era o único que nos chegaba de fora. Pero eso pasou á historia, porque actualmente non se extrae dos nosos ríos nin o 1% do que se extraía naqueles tempos, e eso debería telo en conta Medio Ambiente á hora das repoboacións.

Hai anos que veñen soltando alevíns dunha especie que nada ten que ver cos nosos ríos, en lugar de soltalos da autóctona. En lugar de soltar lontras terían que permitir cazar algunhas, que con menos os ríos estarían máis poboados de troitas, e en lugar de protexer tanto a arboreda das marxes, permitir a tala dunha parte para que as augas reciban algo de sol, que iría moi ben tanto para bañistas como para as troitas.

Tampouco estaría mal que contaren coa opinión das xentes que sempre viviron no Caurel en harmonía coa natureza, para tratar de rescatar o prestixio destes dous ríos que pasaron de estar entre os preferidos dos pescadores a ser relegados os últimos lugares das súas preferencias. Estas xentes, aínda que non pasaron por ningunha universidade, si pasaron pola da vida, que din que é a mellor. Por eso valería a pena contar coa súa opinión e aproveitar os seus coñecementos.



Foto: E. Méndez

Río Lor

Somos moitos os que pensamos que un dos principais problemas radica na especie, a que nos traen, a famosa arco iris, é unha especie ante todo de criadeiro, onde se reproduce sen problemas, pero nos nosos ríos non: de aí que a maior parte das experiencias realizadas con miras a establece-la en estado salvaxe fracasaron.

Esta especie chegou a Europa procedente dos EE.UU. no ano 1890, coa idea de establecer unha rede de piscifactorías semellantes ás que xa existían na América do Norte. Non tardaron en introduci-la en moitos ríos con resultados dispares: se ben se adaptou sen dificultades nalgúns (Serra Nevada, Pirineos, en certos lugares do centro e sueste de Europa, tales como Austria e Yugoslavia) onde existen localmente poboacións importantes, en outros como os nosos o resultado foi negativo.

Posiblemente houbera sido moito máis acertado prohibir a pesca durante tres ou catro anos e deixar que a autóctona recuperase a poboación habitual.

Investigacións non definitivas parecen indicar, ademais, que a arco iris localmente pode desprazar á autóctona. Se a eso lle engadimos as dificultades que ten para reproducirse na maioría dos ríos ibéricos, chegamos a conclusión de que o problema dos nosos ríos non foi debidamente analizado por expertos antes de proceder á súa repoboación e, a base de erros de uns e outros, rompeuse un

 **MORENO** 

No antigo obradoiro do pintor Avari. MORENO convida a viño doce a tódolos amantes do CAUREL, non fai falla máis que acreditalo

ARMANI-MOSCHINO-CALVIN KLEIN-DKNY-CUSTO,TOMMY, e moitas marcas máis.

Moreno. • C/Marqués de Ugena, 40 Sarria (Lugo) • Tfno.: 982 530 791

Nestes últimos tempos vemos, con certa asiduidade, persoal de Medio Ambiente vixiando os nosos ríos, tanto o Lor como o Lóuzara anque, lamentablemente, pouco queda que vixiar posto que as troitas son tan escasas que case se pode dicir que están en perigo de extinción en ámbolos dous.

Alá polos anos sesenta os ríos non se vixiaban case nada, tan só de cando en cando a Guardia Civil botaba unha ollada: o xusto para cubrir o expediente.

A xente pescaba, cando e como quería, cantidades importantes dunhas troitas apreciadísimas pola súa excelente calidade. Pescábanse a man, con caña, e ata había furtivos sen escrúpulos que utilizaban dinamita e diversos produtos tóxicos que mataban toda vida posible nun bo tramo do río. Aínda así había troitas para abastecer de peixe a unha poboación moi superior á actual. Pódese dicir que na inmensa maioría das familias do Caurel non se coñecía outro peixe que non foran as troitas dos nosos ríos ou o bacalao, que era o único que nos chegaba de fora. Pero eso pasou á historia, porque actualmente non se extrae dos nosos ríos nin o 1% do que se extraía naqueles tempos, e eso debería telo en conta Medio Ambiente á hora das repoboacións.

Hai anos que veñen soltando alevíns dunha especie que nada ten que ver cos nosos ríos, en lugar de soltalos da autóctona. En lugar de soltar lontras terían que permitir cazar algunhas, que con menos os ríos estarían máis poboados de troitas, e en lugar de protexer tanto a arboreda das marxes, permitir a tala dunha parte para que as augas reciban algo de sol, que iría moi ben tanto para bañistas como para as troitas.

Tampouco estaría mal que contaren coa opinión das xentes que sempre viviron no Caurel en harmonía coa natureza, para tratar de rescatar o prestixio destes dous ríos que pasaron de estar entre os preferidos dos pescadores a ser relegados os últimos lugares das súas preferencias. Estas xentes, aínda que non pasaron por ningunha universidade, si pasaron pola da vida, que din que é a mellor. Por eso valería a pena contar coa súa opinión e aproveitar os seus coñecementos.

Somos moitos os que pensamos que un dos principais problemas radica na especie, a que nos traen, a famosa arco iris, é unha especie ante todo de criadeiro, onde se reproduce sen problemas, pero nos nosos ríos non: de aí que a maior parte das experiencias realizadas con miras a establece-la en estado salvaxe fracasaron.

Esta especie chegou a Europa procedente dos EE.UU. no ano 1890, coa idea de establecer unha rede de

piscifactorías semellantes ás que xa existían na América do Norte. Non tardaron en introduci-la en moitos ríos con resultados dispares: se ben se adaptou sen dificultades nalgúns (Serra Nevada, Pirineos, en certos lugares do centro e sueste de Europa, tales como Austria e Yugoslavia) onde existen localmente poboacións importantes, en outros como os nosos o resultado foi negativo.

Posiblemente houbera sido moito máis acertado prohibir a pesca durante tres ou catro anos e deixar que a autóctona recuperase a poboación habitual.

Investigacións non definitivas parecen indicar, ademais, que a arco iris localmente pode desprazar á autóctona. Se a eso lle engadimos as dificultades que ten para reproducirse na maioría dos ríos ibéricos, chegamos a conclusión de que o problema dos nosos ríos non foi debidamente analizado por expertos antes de proceder á súa repoboación e, a base de erros de uns e outros, rompeuse un equilibrio tan celosamente gardado pola natureza durante miles de anos.

O desove da autóctona ten lugar a finais do outono e principio do inverno: a femia deposita no leito fluvial uns 1.500 ovos por kg. de peso, que son fecundados polo macho. Ó cabo de 90 días aproximadamente (segundo a zona) os embrións rompen a envoltura que os contivo e xa temos os alevíns no seu primeiro estado, onde xa teñen mobilidade propia e respiración branquial, non desprendéndose do seu saco vitelino que lles servirá de alimento nestes primeiros pasos. Unha vez deixado o saco xa se alimentan por sí solos e adquiren a forma característica da súa especie. É un período fundamental onde o alevín adquire, a través da súa dotación xenética, as características do medio acuoso que o rodea levándoo consigo toda a súa vida. Non alcanzarán a madurez sexual ata os dous ou tres anos, completando así cada ano un



Foto: E. Méndez

Río Lor

ROTULOS



Fundada en 1960

R. Montenegro, 6 bj. ☎ 982 22 19 90

San Pedro, 13 bj. ☎ 982 22 63 07

II MOSTRA DA SERRA DA MADEIRA

O pasado 18 de maio celebrábase a II edición da mostra da serra da madeira, e como na anterior escolleuse o lugar de Ferreirós de Abaixo. O interese que estas festa de carácter etnográfico están a ter, fai que en cada edición o número de persoas participantes e curiosas vaia en aumento. Chama a curiosidade de moitos estas celebracións, persoas que descoñecen de que xeito fai algún tempo se transformaba a madeira para dar forma ós troncos e convertelos en táboas e taboleiros. Estas recuperacións fanse gracias á vontade duns homes que ó longo de moitos anos percorreron os soutos do Caurel adicando xornadas e xornadas a esta labor, auténticos mestres no manexo das serras Portuguesa e de Aire, as dúas versións mais usuais. A Portuguesa, chamada así por ser



Foto: Avelino López

Serra 2003

moitos os serradores do país veciño que cruzaron a fronteira para desenrolar a labor; con eles traían estes artiluxos que, ó parecer, eran os mais prácticos pola súa lixeireza para o transporte e ó mesmo tempo xeitosos para traballar. A serra de Aire, máis usual, desenrolaba maior faena a diferenza da portuguesa que fa-

cilmente podía usala unha persoa sola; para esta debían ser dous os que, ó unísono, tirasen dela si ben é verdade que a diferenza no traballo executado nótase.

De novo nesta edición a mestría e coñecemento da faena por parte dos serradores foi determinante para que todo saíra como tiña que ser. A serra de Manolo do Mazo coñecido cariñosamente como Carreño mantense en idénticas condicións como hai 40 anos cando El e máis Evaristo de Froxán andaban, día tras día, adicados a serrar. Nesta ocasión tamén se sumaron a labor: Antonio Campo, Ricardo Suazo e Alberto Suazo todos eles de Miraz Colocados un enriba e outro debaixo da *estada* non semella que algúns sobrepasen os oitenta anos e outros estean cerca deles. A sinxeleza e mestría no manexo da ferramenta só se consegue con moitos anos de

práctica; demostrouse cando algún dos moitos que estaban a ollar a labor decidiron facer uns *pinitos* como serradores e comprobaron o esforzo e pericia que se precisa para executar esta labor.

A festa comezou loxicamente por onde tiña que comezar, pode que sexa a parte máis complexa e máis técnica de todo o proceso, o escuadrado e marcado da madeira son dúas fases importantes para que logo a serra en si resulte cómoda e cos resultados que se buscan. Hoxe en día existen aparellos técnicos que facilitarían a labor do escuadrado e marcado, pero fíxose todo paso a paso cos apeiros e trebellos que eles usaron anos atrás: o machado para escuadrar, o plomo, o compás e a liña de lá para marcar, todo como si se retrocedera medio século no tempo. O ver a estes mestres executar todo o proceso ca pericia que algún dos puntos precisa e sen cometer erro ningún, a moitos dos alí presentes semelláse que esta labor a fan a diario. Logo de rematar o escuadrado e marcado as toradas colócanse enriba da *estada* e da comezo a labor de serrado, aquí tamén a experiencia vale un punto, hai que seguir a liña marcada, un pequeno despiste que nos separe dela pode facer que o traballo se multiplique e non saia do xeito correcto.

A medida que a serra ía afondando na madeira os serradores animábanse entre os aplausos e berros dos moitos espectadores alí presentes e entre golpe e golpe de serra, un grolíño de viño. Din eles que así facían antes.

Logo da primeira mostra non faltaron voluntarios que se animaron a agarrarse aquel trebello para intentar imitar os vellos serradores, moitos déronse conta que aquilo tan sinxelo como a simple vista se podía ollar, facía falta fuelle e mestría, non era nada cómodo seguir a liña trazada por onde tiña que guiarse a serra, pero o que se trata nestas festas é participar. Achegándose a hora do xantar facíase un alto coa intención de retomar logo da comida a faena, pero nesta edición o tempo quixo que a tarde non servira para continuar a mostra, a chuvia fixo acto de presenza e houbo que recoller os bártulos.

Pero a festa non rematou ahí; a organización tiña outras actividades para esta xornada e que a pesares do mal tempo puideron levarse a bo fin.

Este día fora o elixido para facer entrega do carné de socio de honra da asociación FONTE do MILAGRO co número 00, a título póstumo, a Uxío Novoneyra. A viúva do poeta que ía recoller a placa desculpou a súa ausencia y fíxoselle a entrega ó amigo da familia, Vicente de Ferramulín, que adicou unha poesía o Poeta do Caurel; tamén aproveitou para ler uns traballos de Antón Avilés de Taramancos a quen se



Turismo rural Casa de Hospedería

Casa CALELLON

3 HABITACIONES CON BAÑO

COMIDA CASERA-CORDERO POR ENCARGO

PASEOS A CABALLO

Seceda do Caurel (Lugo) Tfno. 982 185 409



Foto: Avelino López

Serra 2003

O pasado 18 de maio celebrábase a II edición da mostra da serra da madeira, e como na anterior escolleuse o lugar de Ferreirós de Abaixo. O interese que estas festa de carácter etnográfico están a ter, fai que en cada edición o número de persoas participantes e curiosas vaia en aumento. Chama a curiosidade de moitos estas celebracións,

persoas que descoñecen de que xeito fai algún tempo se transformaba a madeira para dar forma ós troncos e convertelos en táboas e taboleiros. Estas recuperacións fanse gracias á vontade duns homes que ó longo de moitos anos percorreron os soutos do Caurel adicando xornadas e xornadas a esta labor, auténticos mestres no manexo das serras Portuguesa e de Aire, as dúas versións mais usuais. A Portuguesa, chamada así por ser moitos os serradores do país veciño que cruza-ron a fronteira para desenrolar a labor; con eles traían estes artilluxos que, ó parecer, eran os mais prácticos pola súa lixeireza para o transporte e ó mesmo tempo xeitosos para traballar. A serra de Aire, máis usual, desenrolaba maior faena a diferenza da portuguesa que facilmente podía usala unha persoa sola; para esta debían ser dous os que, ó unísono, tirasen dela si ben é verdade que a diferenza no traballo executado nótase.

De novo nesta edición a mestría e coñecemento da faena por parte dos serradores foi determinante para que todo saíra como tiña que ser. A serra de Manolo do Mazo coñecido cariñosamente como Carreño mantense en idénticas

NOTAS

Co motivo da publicación do número 10 desta revista están a chegarnos suxerencias de varios lectores que nos piden editemos unha portada especial para poder encadernar os 10 números publicados. Estamos a tratar o tema co persoal que imprime a publicación para saber o custo que isto pode ter e que cantidade se podía facer para que resultase viable. Si tes interese en conseguir esta portada, comunícao o antes posible para informarte acerca do prezo e outros pormenores.

COMIDA DE HERMANDADE DA ASOCIACIÓN

Para o vindeiro día 14 de Agosto, esta Asociación ten previsto organizar unha comida de irmandade e así celebrar a edición de este número 10. Esta celebración é para tódalas persoas, asociados e nos asociados que o desexen. Esperamos comunicar o máis pronto posible o prezo e o lugar onde se vai celebrar. Estamos a xestionar con restaurantes da zona, pero o non ter un número de asistentes non é posible concretar.

Si estas interesado en acudir a esta festa ponte en contacto ca Asociación.

Pretendemos poñer á venda as tarxetas para a comida hasta o día 10 de Agosto.

UN ALTO NA LIMPEZA DE SENDEIROS

Como viña sendo habitual, esta Asociación dedicaba xornadas a limpeza e sinalización de rutas. Dende fai unhas datas cesamos nesta actividade esperando os permisos oportunos que xa foron tramitados. Con data 6 de xuño presentabamos escrito ó Servicio de Espacios Naturais e Biodiversidade da Consellería de Medio Ambiente. Recibimos resposta favorable a nosa petición o día 10 de xuño. Uns días mais tarde solicitouse o correspondente permiso o Concello do Caurel, sen ter polo momento ningunha resposta. E polo que facemos este alto na actividade a pesares que os sendeiros cada día fanse mais intransitables.

P a r r i l l a d a



Paredes

COMIDAS POR ENCARGO
PRODUCTOS CASEROS

PAREDES - Lóuzara - SAMOS (Lugo)
Tel. 982 546 167 - Tel. 982 546 150



OS CERRUMES NO CAUREL

Os cerrumes ou pechamentos dos eidos teñen moita importancia, posto de ademais de separar unhas fincas de outras, facilitan as tarefas dos labregos e pastores, xa que evitan que o gando saia fora da finca e cause danos os lindeiros, ademais de manter as herdades illadas e delimitadas.

Percorrendo a nosa bisbarra case pode dicirse que existen tantos tipos e modalidades de cerrumes coma propietarios, (compre salientar que O caurel ten un réxime de propiedade minifundista e de campos pechados, o que facilita a súa proliferación) se ben pola súa abundancia e importancia son de destacar os seguintes:

PAREDES: Feitas con pedras dispostas en horizontal e cun remate en escaleira con pedras máis grandes que evitan que se desfagan. Se o terreo é moi pendente, as pedras da base colócanse en vertical. Non é fácil atopar paredes con pedras dispostas en vertical; estas reciben o nome de "calzadas".

As paredes polo xeral teñen buratas ou agüeiros por onde entraba a auga que escorregaba polos camiños nos días de choiva.

SEBES: Poden ser de dous tipos.

Verdes: Consisten en estacas de madeira (Salgueiro ou Sabugueiro) cravadas na terra e que enraigan con facilidade, formando un muro vexetal de gran valor estético. Este tipo de cerrume é moi empregado nos prados de regadío, dado que serve para estabilizalo terreo se é moi pendente evitando desprendementos de terra. As súas polas hai que cortalas cada certo tempo para leña e a súa folla tamén serve para alimento do gando.

Secas: Estas son unha variedade das anteriores, pero feitas con estacas de madeira seca, entretecidas con pólas de árbore, xestas, etc. Non son moi duradeiras, xa que podrecen e aí que renóvalas cada certo tempo.

CHANTOS: Trátase de grandes lousas cravadas verticalmente no chan, formando unha ringleira. Nalgúns pobos incluso colocábanse a mesma altura e recortábanse ata quedar todas igualiñas, noutros poñíanse desiguais, non por eso menos importantes nin de menos beleza.

VALADOS: Unha acumulación de terra entre unha finca e outra, motivada polas sucesivas aradas.

Basicamente a súa misión consiste en transformar a pendente do terreo en parcelas horizontais, formando as típicas *terrazas*, ou fincas en escaleira, que se reforzaban cunha parede que facía de muro de contención.

BARANDA:

Son estacas de madeira ou "forcóns" cravados na terra o longo do extremo dunha finca, sobre as cales se apoian as "barandas" que polo xeral son troncos de árbore longos e delgados, suxeitados con encaixes ou correas de xesta ou salgueiro (antes de haber cravos). Para evita-la podredume quéimanse na parte que se soterra.

PEDRAS AMONTOADAS: Cerrume moi sinxelo, empregase sobre todo nos montes. Consiste en amontoar as pedras das que saen nas sucesivas aradas o longo dun extremo pero sen facer parede. Co tempo van cubríndose de silvas e outra maleza que axudan a pechar.

CERRUMES MIXTOS: Unha combinación dos anteriores, formados por anacos de paredes, chantos, incluso un vello tronco dunha árbore que queda encaixado no medio dunha parede. Son bastantes frecuentes.

A entrada a unha finca faise por unha "carrilleira" ou "portelo".

A primeira é ancha e permite a entrada a carros, maquinaria,... e comunica co camiño. O portelo é estreito, comunica co carreiro e por el entran persoas e o gando. Ámbolos dous péchanse con polas, silvas e cancelas.

Como outras moitas cousas estes cerrumes están a desaparecer substituíndos por cerres de arame espiñoso.



Foto: E. Méndez

Cerrume en parede

Jesús Alfonso Parada Jato
Meiraos



Camoga, s.l.
CONSTRUCCIÓN, PROMOCIÓN E REPARACIÓN

R/ Entreríos, 20 - 22 - Baixo • 15404 FERROL - Telf.: 981 37 24 56 / 981 37 20 65 • Fax: 981 94 77 64
E-Mail: camoga2000@hotmail.com

ENTREVISTA

DENDE O CAUREL Ó VOLEIBOL DE ÉLITE



Pepo Garrido

Non é habitual, ou mellor dito, non se ten moita referencia de rapaces das terras do Caurel brillando entre as estrelas do deporte de élite. Pero esta terra brava cría persoas que con ilusión e estima poden converterse en deportistas destacados, levando con orgullo na súa ficha O Caurel como lugar de nacemento. Este é o caso da entrevistada.

M^a José Garrido Blanco, máis coñecida no mundo do Voleibol como *Pepo*, naceu en Noceda do Caurel aí case 22 anos. Con 7 anos marchou para Lugo e con 10 iniciouse no deporte que a ela lle gustaba, o Voleibol seguindo un pouco os pasos das súas irmáns. Tres anos máis tarde pasou a formar parte do club Emeve de Lugo e despois de asistir a numerosas concentracións galegas e nacionais foi chamada para participar na Concentración Permanente Nacional. Con tan só 14 anos formaba parte dunha preselección de xogadoras de 17-18 anos que tiñan como obxectivo clasificarse para o campionato de Europa (obxectivo que lograron, quedando primeiras no Pre-Europeo celebrado en Monforte de Lemos). Actualmente xoga no Playas de Benidorm e é habitual nas citas da Selección Española.

-Despois de residir en tantos lugares, ¿de onde te sentes?

-Evidentemente, caurelá de nacemento e caurelá de sentimento (sorrie). Bueno, teño a alma dividida entre Noceda e Vilela.

- ¿Pensas que ser do Caurel influíu na túa vida deportiva?

- Antes de responder a túa pregunta teño que deixar claro que se non me houbera ido a Lugo probablemente agora mesmo non sería xogadora de Voleibol. Pero penso que a miña fortaleza física herdeina destas terras. A xente do Caurel sempre foi forte.

-¿Porqué pensas que si quedases no Caurel non houberas chegado a ser profesional do Voleibol?

- Non o digo por que a xente de aquí non teña cualidades, senón porque non hai posibilidades. De feito ata fai pouco

non había ningún tipo de instalacións deportivas.

- Entrando xa no terreo deportivo, ¿En qué equipos xogaches como profesional?

- Empecei na Pinguela (Monforte). Despois estiven tres anos en Murcia e levo un ano en Benidorm, onde seguirei polo momento.

Imaxino viaxarías moito.

- Quédanme poucos sitios de Europa por coñecer (un sorriso); estiven en Portugal, Francia, Italia, Suíza, Alemaña, Bélxica, Croacia, Eslovenia, Hungría, Austria, Suecia e Turquía. Non sei si me queda algunha.

Fora do noso continente estiven na República Dominicana e Puerto Rico, e en agosto temos a Universiada en Corea.

-Bueno, máis ou menos, ¿A que nivel se atopa agora o Voleibol feminino?

- Para que me entendas, coma o fútbol, a selección está entre as 12 mellores de Europa, pero a liga española é unha das máis fortes do mundo. Tendo en conta que a mellor liga é a Italiana pero actualmente están pasando por problemas económicos, por esta razón as xogadoras italianas, cubanas, etc. están a vir a xogar o noso país; isto fai que o nivel da liga española estea aumentando a pasos axigantados..

-Falando de fútbol. ¿Cobras tanto como os futbolistas?

-Ando polo soldo do Bechkam, mais ou menos ¡ja, ja, ja...!. A verdade é que como deportista paréceme inxusto que os futbolistas gañen esaxeradas cantidade de diñeiro



Cadro técnico en Croacia 2002



Asistencia y Gestión, S. L.

**SOCIEDAD PARA LA GESTIÓN
AMISTOSA DE DAÑOS**

C/ Río Sil 37-39, entrp.
27003 LUGO

Tfno. 982 28 41 84
Fax. 982 28 44 74



Instituto

SERVICIOS PROFESIONALES EN SEGUROS

Móvil: 607 15 12 25
C/ Río Sil, 37-39
27003 LUGO

ENTREVISTA

DENDE O CAUREL Ó VOLEIBOL DE ÉLITE

Non é habitual, ou mellor dito, non se ten moita referencia de rapaces das terras do Caurel brillando entre as estrelas do deporte de elite. Pero esta *terra brava* cría persoas que con ilusión e estima poden converterse en deportistas destacados, levando con orgullo na súa ficha O Caurel como lugar de nacemento. Este é o caso da entrevistada.

M^a José Garrido Blanco, máis coñecida no mundo do Voleibol como *Pepo*, naceu en Noceda do Caurel aí case 22 anos. Con 7 anos marchou para Lugo e con 10 iniciouse no deporte que a ela lle gustaba, o Voleibol



Selección Española Junior - ITALIA 96

Pepo Garrido co nº 4

segundo un pouco os pasos das súas irmáns. Tres anos máis tarde pasou a formar parte do club Emeve de Lugo e despois de asistir a numerosas concentracións galegas e nacionais foi chamada para participar na Concentración Permanente Nacional. Con tan só 14 anos formaba parte dunha preselección de xogadoras de 17-18 anos que tiñan como obxectivo clasificarse para o campionato de Europa (obxectivo que lograron, quedando primeiras no Pre-Europeo celebrado en Monforte de Lemos). Actualmente xoga no Playas de Benidorm e é habitual nas citas da Selección Española.

-Despois de residir en tantos lugares, ¿de onde te sentes?

-Evidentemente, caurelá de nacemento e caurelá de sentimento (sorrie). Bueno, teño a alma dividida entre Noceda e Vilela.

- ¿Pensas que ser do Caurel influíu na túa vida deportiva?

- Antes de responder a túa pregunta teño que deixar claro que se non me houbera ido a Lugo probablemente agora mesmo non sería xogadora de Voleibol. Pero penso que a miña fortaleza física herdeina destas terras. A xente do Caurel sempre foi forte.

-¿Porqué pensas que si quedases no Caurel non houberas chegado a ser profesional do Voleibol?

- Non o digo por que a xente de aquí non teña cualidades, senón porque non hai posibilidades. De feito ata fai pouco non había ningún tipo de instalacións deportivas.

- Entrando xa no terreo deportivo, ¿En qué equipos xogaches como profesional?

- Empecéi na Pinguela (Monforte). Despois estiven tres anos en Murcia e levo un ano en Benidorm, onde seguirei polo momento.

Imaxino viaxarías moito.

- Quédanme poucos sitios de Europa por coñecer (un sorriso); estiven en Portugal, Francia, Italia, Suíza, Alemaña, Bélxica, Croacia, Eslovenia, Hungría, Austria, Suecia e Turquía. Non sei si me queda algunha.

Fora do noso continente estiven na República Dominicana e Puerto Rico, e en agosto temos a

A súa ficha deportiva

Nome. **Pepo Garrido**

Estatura: **1,79 mts.**

Peso: **67 Quilos**

Veces Internacional: **60 Junior e 32 Sénior**

Posto de xogo: **4 Receptora**

Idade: **21 anos**

Alcance ataque: **3,00 metros**

Alcance bloqueo: **2,81 metros.**

Universiada en Corea.

-Bueno, máis ou menos, ¿A que nivel se atopa agora o Voleibol feminino?

ALBERGUE DE QUIROGA

- ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL - DEPORTE DE AVENTURA
- ITINERARIOS GUIADOS...

FINCA DA SILVA, S/N
C.P. 27320, - QUIROGA (LUGO)



Tlf./ Fax: 982 43 52 90 Tlf: 606 37 19 64 E-mail: albquiroga@hotmail.com
WEB: <http://www.telefonía.net/web/alberguequiroga>

RUTA SEOANE - SEOANE

**POR FERRERÍA NOVA, ESPERANTE, SEQUEIROS DE MOSTAD,
MINA DE OURO DE TURUBIO, RÍO LOR E PIÑEIRA**

CARTOGRAFÍA:

Mapa Topográfico Nacional de España nº 157-I
(SEOANE DO CAUREL). Escala 1: 25.000.

DISTANCIA:

Nove quilómetros

TRAMOS EN QUILOMETROS:

Seoane (0,5) - Ferrería Nova (2) - Esperante (2) -
Sequeiros de Mostad (0,4) - Mina de Turubio (0,7)
- Río Lor (Reconco) (1,4) - Piñeira (2) Seoane.

TEMPÒ:

De dúas a tres horas.

DIFICULTADE:

Baixa, salvo douscentos metros antes de Esperante e trescentos antes de Piñeira.

DESNIVEL:

A cota máis baixa esta na ponte da Ferrería Nova, que permite cruzar o río Lor, a súa altitude é de 540 m. A máis alta está na aldea de Piñeira, con 850 m.

DESCRICIÓN:

Os tramos de Seoane-Ferrería e Reconco-Piñeira-Seoane, discorren pola ladeira dereita do canón do Lor no sentido das augas. O tramo de Ferrería-Esperante-Sequeiros-Reconco, pola ladeira esquerda e no sentido contrario ás augas.

PERCORRIDO:

En Seoane buscamos o camiño de cemento que sae da parte inferior da vila e baixamos ata a Ferrería Nova.

Neste lugar cruzamos o río Lor e logo avanzamos pola estrada de Moreda 125 metros. De seguido desvíamonos á esquerda por un camiño de terra, os poucos metros deixamos unha casiña a nosa dereita, uns pasos máis e collemos un camiño que sae pola esquerda con bastante pendente.

Despois de 400 m. de subida, o vieiro baixa, logo faise case plano. Estamos bordeando o monte Cido pola cara norte. De fronte vese a aldea de Esperante que nos agarda.

Logo de un quilómetro de comodidades, cruzamos o carrozo de

Muiñelo (regato), entramos nun fermoso souto e subimos ata aldea, na que entramos pola parte superior dereita e saímos pola superior esquerda.

Avanzamos por un camiño amplo e tapado polas árbores. Embaixo e en paralelo, discorre a estrada de Visuña e Romeor, que logo de 400 metros, xira e corta o noso vieiro.

Cruzamos a estrada e seguimos o camiño de fronte, despois de andar 25 metros desvíamonos á esquerda por outro, que baixa un pouco e logo discorre case plano.



Esperante e o fondo Mostad



Hostal - Mesón
O `Mírador
MIREILLE TOSONI

Teléf. 982 43 30 64 FOLGOSO DO CAUREL

DESCRICIÓN:

Os tramos de Seoane-Ferrería e Reconco-Piñeira-Seoane, discorren pola ladeira dereita do canón do Lor no sentido das augas. O tramo de Ferrería-Esperante-Sequeiros-Reconco, pola ladeira esquerda e no sentido contrario ás augas.

PERCORRIDO:

En Seoane buscamos o camiño de cemento que sae da parte inferior da vila e baixamos ata a Ferrería Nova.

Neste lugar cruzamos o río Lor e logo avanzamos pola estrada de Moreda 125 metros. De seguido desviámonos á esquerda por un camiño de terra, os poucos metros deixamos unha casiña a nosa dereita, uns pasos máis e collemos un camiño que sae pola esquerda con bastante pendente.

Despois de 400 m. de subida, o vieiro baixa,




logo faise case plano. Estamos bordeando o monte Cido pola cara norte. De fronte vese a aldea de Esperante que nos agarda.

Logo de un quilómetro de comodidades, cruzamos o carrozo de Muiñelo (regato), entramos nun fermoso souto e subimos ata aldea, na que entramos pola parte superior dereita e saímos pola superior esquerda.

Avanzamos por un camiño amplo e tapado polas árbores. Embaixo e en paralelo, discorre a estrada de Visuña e Romeor, que logo de 400 metros, xira e corta o noso vieiro.

Cruzamos a estrada e seguimos o camiño de fronte, despois de andar 25 metros desviámonos á esquerda por outro, que baixa un pouco e logo discorre case plano.



Mapa da Ruta

Case un quilómetro e medio despois, chegamos a unha bifurcación, seguimos pola dereita, subindo.

Despois de andar case 200 metros, chegamos a un fermoso poboado de dez ou doce casiñas de pedra, son os Sequeiros de Mostad. Compre ir atentos, porque aínda que están pegados o camiño, a vexetación cóbreos case por completo. Estas construcións son moi abundantes no Caurel, servían para secar as castañas: na planta baixa facíase o lume e na alta depositábanse as castañas verdes, enriba dun piso de táboas con certa separación, co obxecto de deixar circular o aire quente.

Aproximadamente cen metros despois deste curioso poboado atopamos un cruce, seguimos pola esquerda, baixamos.

Douscentos metros despois dunha casiña que rebasamos pola esquerda, atopamos outra encrucillada:

-Se avanzáramos cen metros polo camiño da dereita, atoparíamos enriba do camiño restos da escombreira da que seguramente foi a mina de ouro máis grande de todo o Imperio Romano, feita en rocha nai (xacemento primario). É a mina de Turubio. Na outra ladeira asoman as fendeduras da mina da Toca.

Seguindo este camiño poderíamos chegar ata Lousada, Pacios do Señor, Trabazas e tamén ó Cebreiro. Só recomendable para camiñantes expertos ou coñecedores da ruta, hai tramos con moita maleza.

-Nós, continuamos polo camiño da esquerda. Quédannos algo máis de seiscentos metros para baixar ata o río Lor.

Xa sentimos o ruxir da auga, estamos preto do río, temos que saír do camiño principal desviándonos pola



Seoane del Caurel, Telf.: 982 43 31 06 (Lugo)

- Habitaciones con baño y calefacción
- La mejor comida típica de la zona:
 - Grelos con castañas
 - Entremeses de la casa
 - Churrasco y cordero
 - Tartas caseras

O CASTELO DO CAUREL

A fortaleza caurelá, está situada na aldea do Carbedo, pousase nun cumo dunas trinta metros de altura rodeado dos montes Campelo e o Monte Cido, lugar estratéxico e de difícil acceso.

As ruínas deste castelo esconden unha longa historia. Foi doado en 1181 polo cabaleiro D. Nuno Peláez á Orde de Santiago, (un dos primeiros bens da Orde de Santiago en Galicia). En 1199 apropiouse o rei Alfonso IX do castelo, converténdose na dote da súa consorte Dona Berenguela, e sete anos máis tarde serán cedidos o seu fillo Fernando, en 1220 O castelo do Caurel tornou a Orde gracias as mediacións papais.

O castelo dominaba as rutas comerciais polo río Selmo e o río Lor, sen esquecer o obxectivo militar polo seu dificultoso acceso que facía imposible o tránsito de carros e o mesmo tempo controlaba o territorio ante a presenza de inimigos.

O longo dos séculos foi habitado por diferentes señores, sen embargo a primeira descrición da fortaleza pertence o século XVI.

Na entrada do castelo situábase un patio de armas e no centro un alxibe para abastecer a fortaleza, a esquerda había un recinto para a caballeriza, seguido atopábase a capela, presidida pola imaxe do apóstolo Santiago.

A torre de homenaxe situábase no lado oposto o castelo, dita construción presentaba un formato cuadrangular.

O material empregado na construción desta fortaleza, foron pedra de pizarra, cal combinado con madeira e a cuberta de lousa, materiais típicos da zona.

A partir do século VI o castelo sofre

modificacións importantes nas súas divisións e aumentan as instancias pero a finais de 1582 a fortaleza foi desvalixada, quedando desarmada e desaloxada.

Na metade do Século XX na súa proximidade atopouse unha tabla de hospitalidade, cunha inscrición en romano, insertada en dúas columnas laterais e un frontón en forma de triángulo circundado de adornos e sobresaen en relevo na cima unha cara, posiblemente sexa o rostro do autor da inscrición. Dita xoia atópase no Museo Provincial de Lugo.

Sen lugar a dúbidas atopámonos ante unha construción que representa para o Caurel un anaco da historia, dando testemuñas das orixes



Castelo do Carbedo

desta xurisdicción, adaptándose o terreo rochoso e pendente.

Hoxe en día so quedan vestixios poboados de maleza. Sen dúbida non estaría de mais unha reconstrución e limpeza desta fortaleza.

MATILDE ARZA



CHIMENEAS
Hogar Confort

CHIMENEAS FRANCESAS
RECUPERADORES DE CALOR
ESTUFAS, BARBACOAS, ETC.

Ctra. N-VI, Km. 399 - Tel. y Fax: 987 562 717
24550 VILLAMARTIN DE LA ABADIA (León)



P E R F U M E R I A S

• Droguería • Parafarmacia • Dietética • Alimentación Infantil

ARENAL ES MAS BARATO

Calvo Sotelo 93-95
- SARRIA-

Rúa Cardenal 33
- MONFORTE-

Central: Polig. CEAO - Calle Industria, 94
27003 LUGO

Tfno.: 982 20 70 46 - Fax: 982 20 71 14

II CERTAME DE PINTURA RÁPIDA Ó AIRE LIBRE “Fonte do Milagro”

Coincidindo co peche da edición do nº 10 de A CANDEA celebrábase o II Certame de Pintura Rápida no Caurel. A organización correu a cargo da Asociación que da o nome ó Certame. Desenrolouse como na anterior edición: de 9 a 11 horas da mañá os artistas entregaban os soportes nos que ían a pintar, uns en Seoane e outros en Folgoso e dende aquí cada un buscaba o sitio máis axeitado. Seguindo as bases que regulan este concurso os pintores debían entregar os cadros antes das 6 da tarde no Bar O Pontón, en Ferreirós de Abaixo para logo ser avaliados polo xurado para determinar cales obras serían as premiadas. Este ano os inscritos foron 49 e a súa procedencia variada, dende León, Asturias, Madrid, A Coruña, Lugo e un bo grupo de pintores da comarca do Bierzo (León) achegáronse na procura dun dos premios ou soamente disfrutar dunha xornada practicando a súa profesión ou hobby preferidos.

O factor tempo estivo de lado, tanto dos pintores como da organización, así mesmo como das moitas persoas acompañantes ou visitantes que aproveitaron o certame para achegarse ó Caurel.

Os artistas ubicaron o seu estudio de traballo nos lugares máis variados; e como a base do concurso era plasmar a paisaxe caurelá, cada quen escolleu o recuncho que lle semellaba máis pintoresco



O xurado deliberando

A xornada foi movida, todo era un ir e vir de persoas agardando que as obras fosen chegando ó lugar de entrega para contemplar e xulgar, dun xeito particular, cada traballo a ver si ó finalizar se coincidía cos traballos elixidos polos membros do xurado como mellores.

Expostos os cadros para a súa exposición momentánea e que o xurado puidera valorar, o público presente en Ferreirós de Abaixo amontoábase para votar unha ollada as obras alí expostas a espera de que o xurado decidira cales ían ser as premiadas. E como di o dito “*para gustos, cores*” pero ó final o gusto da maioría coincidiu co criterio do xurado. Non foi labor fácil a que tivo nesta ocasión o xurado, eran moitas as obras dunha calidade semellante e de moi alto nivel. Logo dun bo rato deliberando e ollando detalle por detalle a decisión foi: conceder o primeiro premio de 1.000 Euros, trofeo e diploma á obra realizada por Tomás Pérez Marbán que dende Avilés (Asturias) se achegou para participar no concurso; se ben na anterior edición tamén acudiu e dixo que repetía por que o sitio era do máis fermoso e pintoresco. O premiado en segundo lugar con 500 Euros, trofeo e diploma recaeu en Laureano Vidal de A Coruña que participaba por vez primeira neste certame. Os cinco premios adquisición que contiñan as bases convertéronse en seis a última hora; así o decidiu a organización ó comprobar a calidade das obras presentadas e os premiados foron os seguintes: José Vicente Guerreiro Pérez, Antonio Santamaría García, Lupicínio Hernández de la Cruz (este último gañador do primeiro premio da anterior edición) os tres de Ponferrada (León), Oscar Capelas de Fabero (León), Diana Bártolo Duarte de Bembibre (León) e Andrés Romay Corredoira de Lugo. O premio para cada un deles foi de 300 euros. O premio especial ó pintor local levouno Jesús Alfonso Parada Jato de Meiraos premiado con 250 euros que había para esta categoría. E nas categorías infantís: hasta 7 anos a premiada foi Lara Álvarez López de Ferreirós de Abaixo; de 7 a 12 anos o primeiro premio recaeu en Alejandro Fuertes Gallardo de Ponferrada, o segundo premio desta categoría foi para Aitor Randeiro Álvarez de Ponferrada e nos pintores de 12 a 14 anos levou o primeiro premio Zara Rodríguez Gallardo, tamén de Ponferrada. Boa parte dos premios foron para a comarca leonesa

SANDRA CANCELA

C O C I Ñ A S

RÚA MANUEL MARÍA 2-4 BAIXO
982 203 985

e-mail: cancelacocinas@mundo-r.com



II CERTAME DE PINTURA RÁPIDA Ó AIRE LIBRE “Fonte do Milagro”



Tomás Pérez Marbán

Gañador do 1º premio

Coincidindo co peche da edición do nº 10 de A CANDEA celebrábase o II Certame de Pintura Rápida no Caurel. A organización correu a cargo da Asociación que da o nome ó Certame. Desenrolouse como na anterior edición: de 9 a 11 horas da mañá os artistas entregaban os soportes nos que ían a pintar, uns en Seoane e outros en Folgoso e dende aquí cada un buscaba o sitio máis axeitado. Seguindo as bases que regulan este concurso os pintores debían entregar os cadros antes das 6 da tarde no Bar O Pontón, en Ferreirós de Abaixo para logo ser avaliados polo xurado para determinar cales obras serían as premiadas. Este ano os inscritos foron 49 e a súa procedencia variada, dende León, Asturias, Madrid, A Coruña, Lugo e un bo grupo de pintores da comarca do Bierzo (León) achegáronse na procura dun dos premios ou soamente disfrutar dunha xornada practicando a súa profesión ou hobby preferidos.

O factor tempo estivo de lado, tanto dos pintores como da organización, así mesmo como das moitas persoas acompañantes ou visitantes que aproveitaron o certame para achegarse ó Caurel.

Os artistas ubicaron o seu estudio de traballo nos lugares máis variados; e como a base do concurso era plasmar

a paisaxe caurelá, cada quen escolleu o recuncho que lle semellaba máis pintoresco

A xornada foi movida, todo era un ir e vir de persoas agardando que as obras fosen chegando ó lugar de entrega para contemplar e xulgar, dun xeito particular, cada traballo a ver si ó finalizar se coincidía cos traballos elixidos polos membros do xurado como mellores.

Expostos os cadros para a súa exposición momentánea e que o xurado puidera valorar, o público presente en

Colaboraron neste Certame e son partícipes do éxito obtido os seguintes:

Acampamento O CAUREL de O Caurel.
ARENAL Perfumerías de Lugo.
Asociación de Artistas Plásticos de Lugo.
AYGES Asistencia y Gestión S.L. de Lugo.
Bar O PONTÓN de Ferreiros de Abaixo - O Caurel.
BBVA.
Bodegas VAL de QUIROGA S.L. de Quiroga.
CAIXA RURAL GALEGA.
Casa CONSTANTINO de Folgoso - O Caurel.
Casa RODRIGO de Paderne - O Caurel.
Construccións URBANO ARZA S.L.
Construccións VILELA S.L. de Lugo.
Construccións ZALAYA de Ferreiros de Arriba - O Caurel.
Escolas de Artes Aplicadas RAMÓN FALCÓN de Lugo.
FORIS INSTITUTO de Lugo.
GALERIA SARGADELOS de Lugo.
MORENO Boutique de SARRIA.
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO.
Restaurante A FONTIÑA de Seoane - O Caurel.
RODRIGUEZ PAZOS S.A. de Vigo.
RÚA NOVA ARTE de Lugo.
Serigráfica ARGENTINA de Lugo.
A última hora o Concello cedunos un local para expoñer as obras.



URBANO ARZA, S.L.

CONTRATISTA DE OBRAS


MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN - MOBLES
FERRETERÍA - BAZAR - ROUPA E CALZADO

Supermercado CLAUDIO



C/ Deputación Nº 41 • 27325 FOLGOSO DO CAUREL (Lugo)

NOVONEYRA V Parte



“Tralas pegadas do POETA DO COUREL Uxío Novoneyra” (1995-1999)

O “Diccionario da literatura galega” de Dolores Vilavedra (Galaxia-95) fai referencia a Uxío Novoneyra. O mesmo ano, sae do prelo a edición bilingüe galego-nipona “Camelio Xaponés”, mestura dos poemas de Uxío e os da poetisa Ayako Sugitani, edición do Consorcio de Santiago, con poemas xacobeos. A influencia dos poetas xaponeses estivo presente dende os tempos dos Eidos, evocando as cerdeiras en flor (...) *Rebolegan as cereixas Su a Ruibal(sic)(...)* Novoneyra A concepción novoneiriana do transcendental sèrvese da expresión íntima que, sen deixar o minimalismo, continúa en evolución ata volverse barroca, na sempiterna “arte da troba”: á lírica neotrobadoresca en rima derivada, empregando diversas formas da palabra en posición de rima.

A mediados dos noventa o poeta do Courel é convidado a múltiples eventos e actos públicos, aínda resoa nas Nogais e Pedrafita o pregón de Novoneyra co gallo da Feira do Queixo do Cebreiro o que deu pé á Asociación “A Pipa” de Becerreá a pedirlle a Uxío que participara no Certame Literario.

E así foi como a poesía serviu de nexo entre a serra do Courel e a dos Ancares. O 27 de decembro do 96, deu comezo ó “V Certame Literario da Asociación “A Pipa” da Alta Montaña” en Becerreá, que dirixiu o xove dramaturgo Alfonso Becerra. O certame convocou xoves escritores que participaron nas diferentes modalidades de, relatos, narracións e poesía, sumándose á “Noite enxebre da música”, “Noite meiga do teatro” e, ó día seguinte, na noite dos Santos Inocentes, a “Primeira Noite Poética”, recital a cargo do poeta do Courel: Uxío Novoneyra.

Amparo Becerra, membro do equipo de redacción da revista “A Pipa”, recorda con cariño a Uxío escribindo: -“*Da “cabalgada dos tesos cumes”.* “*A Becerreá chegar/ non basta con se sabrigar/ A desentiar botelos/ para que frío non leves./ Mirar pra Ancares e velos/ Por entre*

de carambelos/ señores das grandes neves.” (Do libro “Ameto mítico-92). Poema inédito co poeta da serra reescribiu? durante o certame. Alfonso Becerra, presidente da asociación e director da revista “A Pipa” escribiu no díptico do certame: (...) *Cando “leo” os poemas de Uxío Novoneyra entro en estado de gracia, párase o tempo e crece o aire, aumenta o osíxeno, aparece a música, o són máis visceral, os azos conxénitos. E no mesmo intre sinto un baleiro tan xigante e tan cheo. Insisto en que é certo. Deberían inspecciona-la poesía de Uxío, porque para min que leva opiáceos ou algunha substancia análoga que produce alucinación e pracer.* (...) Alfonso Becerra/ V Certame Literario “A Pipa” 96/97. Becerreá

Un manto de neve cubriu os altos cumes do Pía Paxaro e os Tres Bispos, mentres recitaba o poeta (...) *Cae a neve polvoriña(...)* Os Eidos.

X.M Varela sacou á rúa “Do Courel a Monte Alto” (Ponteceso). O autor, relaciona a poesía de Pondal coa de Novoneyra. O queixume dos pinos na terra do bardo, o ruxir dos teixos na serra caurelá: (...) *“movendo nas flairas dos teixos/ ruxindo na folla dos carreiros”*(...). Courel. Os Eidos.2. Entre verso e verso o poeta da serra gardou o sentir do vento: (...) *Jo aire ten unha cousa/ que se perde se un a conta (...)* Os Eidos. Novoneyra escoitou as badaladas de San Fiz de Anllóns dos poemas de Pondal, imaxe que captou o seu amigo e fotógrafo, Federico García Cabezón, no límite oriental da Costa da Morte.

O mesmo ano, a revista Litoral que noutros tempos contou coas ilustres plumas de Federico García Lorca, Cernuda, Alberti, Moreno Villa etc, publicou un monográfico sobre a “Poesía galega contemporánea”, no que recoñece os “Eidos” como un dos libros claves dos anos cincuenta. -(...) *“Los que así tienen sólo nuestros nombres en el censo(...)(sic).* Soan estraños os poemas de Uxío en castelán, pero paga a pena a difusión da obra.

O 97 foi un ano prolífico para o poeta, o informe sobre linguas minoritarias da “Voz de Galicia” salienta a Novoneyra e Luz Pozo Garza. O mesmo ano, Uxío súmase á homenaxe que no Auditorio de Galicia, renderon admiradores e amigos ó poeta-cantor portugués “Zeca Afonso”(o finado José Afonso), cantautor portugués que deu o sinal de aviso, ó comezo da revolución dos caraveis do 25 de abril do 74, (...) *“E despois do Adeus”* (...), ás 11 menos 5 da noite (...) *Grândola vila morena. Terra de Fraternidade*(...), repetindo a canción 25 m despois da medianoite. As cancións-poéticas do portugués fixeron reverdecen o espírito do 68 de moitos dos presentes. Uxío fixo encomendas de futuro ós ceos estrelados da cidade de pedra. Cantos trobadores, xograres e cantautores ignotos intentaron recuperar o pasado, cantos poetas, romancistas, pintores, cantores, artistas en xeral procuraron o “eu” “galego-portugués”

No verán do 97, “O Correo Galego” adiantou uns poemas do libro inédito de Novoneyra “**Ámeto mítico**”, poemario do que Uxío deixou constancia nas Nogais e Becerreá. Os poemas apareceron nas páxinas do Correo, baixo o título “**Lendas de a cabalo**”, cheas de referencias medievais e alusións ó neno rei, “agachadiño” polos bieitos de Samos, (...) *Cavalgando calado/ outa e soa*(...), os poemas, afondando a importancia do futuro Alfonso II, inmortalizado nas cantigas do seu descendente Rei Sabio que, Uxío rescatou da suma de séculos. (...) *Don “Alifonso” II (...)* *Que gañes ata o Douro*(...). Dende o Courel ó Marão, serras que protexen do vento ás vides que baixan na busca do Sil e do Douro, límite da antiga Gallaecia.

As lendas-rimadas de a cabalo convocaron “os irmandiños da serra”, os lexendarios Pichel e Manoel de Cela - (...) *chamaron/ Manuel de Rivadaira/ pros do lado*(...). Os poemas contaron coas ilustracións do “escultor dos cavalos”, o falecido Oliveira que pra ocasión debuxou uns dos seus característicos “pegasos”. Arte e poesía, simbiose entre o



Hospedería Bar

FERREIRO



- Habitaciones con baño
- Comidas de la zona

Telf.: 982 43 30 65 - 982 43 30 23
Seoane do Caurel (Lugo)

trobador da serra e o escultor miñota que deu un interesante binomio. O monográfico da Festa da Palabra Silenciada(nº13), inclúe un traballo de Carmen Blanco sobre a importancia poética e rupturista da poetisa María Mariño. A revista, inclúe: “Perfil biográfico de María Mariño” asinado por Ana Romaní no que a autora fala da relación da súa avoa e a familia de María Mariño e logo de facer un percorrido pola vida e obra, recalca a importancia de Uxío nos comezos da obra poética de María. O artigo: “ María Mariño Carou , lembranza de María” de María J. Queizán, - a 30 anos da morte de María Mariño-, indaga sobre a aceptación da morte na obra da poetisa de Noia. E no traballo: “María Mariño Carou, un fenómeno de recepción”, María J Nogueira referencia a época do obscurantismo na que se chegou a cuestionar a existencia de María(...)“ *María é unha invención poética de Uxío*”(…). Pero María Mariño existiu, e non só na memoria poética de Uxío, María deixou uns primixenios e íntimos versos rimados nos que á flor de pel nótase a sensibilidade, como bágoas de pincheira. María Mariño compartiu tardes poéticas cos amigos do Courel entre os que se atopaba Uxío e, xunto nos poemas lembranzas do mar de Noia recortado nas néboas da Barbanza e o día a día das tecedeiras da serra caurelá. A homenaxe a María contou co apoio de Uxío quen destacou a labor poética da amiga dos tempos idos, a autenticidade das redondillas dos primeiros tempos e, a transformación poética en versos de longos. A “Dinamiteira da fala”, -como gustaba dicir a Uxío-, chegou coa poesía ó fondo do pobo.

O mesmo ano 97, a escritora lucense Carmen Blanco, presentou na Nosa Terra: Uxío Novoneyra: Poesía, terra e compromiso”, afondando na importancia de “Os Eidos”: - (...) *Máis que poesía paisaxística podemos denominala “poesía da terra”*(...). A mesma autora sacou do prelo: “Antoloxía poética: Uxío Novoneyra”. O 97 foi ano de recoñecemento do poeta do Courel. O cantautor Paco Campos e o Grupo Chaira gravaron “ Laura, ollos de auga” que inclúe poemas de Novoneyra. No mes de setembro o poeta responde ó cuestionario do “1º Certame de Poesía galega de Vilagarcía”.

O prolífico ano seguiu cheo de eventos, Betanzos reclamou o dereito de homenaxe pola antiga relación Uxío-Caneiros. Méndez Ferrín en “Pólvora e Magnolias”versou os tempos de Uxío na festa mollada do río

Mandeo, nos caneiros ó pé das fragas do Eume. (...) “ *Un longo Confucio contemplando o devalar do Novo Neira polos caneiros de noutroa*”(…). O poeta da serra tamén deixou as pegadas da lúa reflectida no río Mandeo (...) “*Río Mandeo, inorde, ó son da noite*”(sic)(...) “Elexías do Courel e outros poemas”. A homenaxe propiciou o encontro Uxío-caneiros, co galo da presentación do libro: “Betanzos, Poema dos Caneiros e Estampas”, edición do concello de Betanzos. Os poemas de Novoneyra voaron por riba da praza do Campo, a imitación do globo máis grande do mundo. Presentou o libro, Manuel Lagares e Olga Patiño con limiar de Xulio Cuns que analizou a relación poesía-pintura. Comentarios e disertación de Isidoro Millán encargándose de referenciar o poemario Miguel Glez Garcés. O libro acompaña gravados de Jesús Núñez que organizou a cronoloxía, correndo a cargo da bibliografía X M Varela.

Año de homenaxes ás que se sumou, o Premio Internacional Hofman de fotografía que recibiu Federico García Cabezón pola foto que lle sacara a Uxío había un ano, camiñando sobre as rochas na costa da morte, entre ondas e nubes, na procura da mítica illa de San Brandan. A foto, resalta a vertente existencialista de Uxío que, como Heidegger, vai na busca do “ser e o tempo”:- “ *No valeiro/ a presenza que ve medrar a pedra*”.(sic) Poemas da doada...

O ano 98, Xulio Calviño saca á luz en Espiral Maior o ensaio “ Uxío Novoneyra e os motivos de Circe” e na mesma época aparece “Uxío Novoneyra-Dos soños teimosos”edición de Noitarenga, na que Emilio Arauxo mantén unha longa e interesante conversa con Novoneyra, que afonda na traxectoria persoal e poética do poeta da serra. A entrevista evoca numerosas etapas da vida de Uxío e a influencia de diversas literaturas na obra poética, literatura hebrea, “Cantar dos Cantares”, literatura persa, “Rig-Veda”, poesías chinesas e xaponesas que tanto influíron no poeta, literaturas grego-latinas, e, a influencia da literatura galega, dende os trobadores medievais como Arias Nunes, o rei Sabio ou Martín de Praducelos, ata a nostálgica influencia de Rosalía, Pondal, Pimentel, Cabanillas, Noriega Varela, Cunqueiro, Díaz Castro, Aquilino Iglesias Alvariño, Celso Emilio, María Mariño etc. Non faltan na entrevista alusións á influencia na obra de Uxío dos poetas de fala castelá: Machado, Neruda etc e, certo chiscar de ollo ós poetas franceses como o “maldito” Rimbaud, sen que falte a influencia da poesía portuguesa, de Teixeira de Pascoais, Pessoa etc. A conversa destaca as inxerencias do poeta

No 99 sae á rúa “ Onde só queda alguén pra aguantar dos nomes”. O mesmo ano, César Morán publica “Río de son e vento”. Antoloxía da poesía galega. (Xerais). Engade biografía e poemas de Uxío entre os que elixiu o canto dos “Eidos”, “Elexías” e “Eidos 2”. No mesmo ano aparece o que vai ser o último poemario de Novoneyra: “**Arrodeos e desvíos do Camiño de Stgo e outras rotas**”. Edición da Xunta de



Foto: Avelino López



Foto: José Manuel Carreira

TAXI Y
SUPERMERCADO

ALEJANDRO

FOIGOSO do CAUREL (Lugo)
Tfno. 982 43 30 87

Y PANADERIA
CASA PUENTES

Francisco Javier Castro Fernández

C/ Carreira, 1
FOLGOSO DO CAUREL
27325 (Lugo)

Teléf. 982 43 30 87 - 982 43 30 36
Móvil 608 98 70 82

Galicia-Hércules Edicións, o poeta sèrvese da peculiar grafía pra arroupar os versos do que vai ser o seu último roteiro. Uxío percorre entre versos os carreiros agachados que levan á cidade de pedra, sendeiros segredos que levan do Courel á Compostela. O roteiro irmanda a cordilleira do soño que entrelaza o Courel co Marão, relación naturista existente entre a poesía de Novoneyra e a de Pascoais, ligazón dos sendeiros poéticos:(...) *Cesa o sorriso inmenso da montaña(...)* Marão. Pascoais. Camiños da antiga Gallaecia que irmandan a terra nai.(...) *a mesma saudade, (...)* só o fado a fixo diferente(...) "Arrodeos". Novoneyra. O poeta do Courel convida a viaxar polos camiños da poesía ó modo de Pessoa (...) *"a mellor maneira de viaxar é sentir"(...)*. (...) *"Invertímo-lo camiño/ Imos/ i en nós regresan tódolos que viñeron"* (Viaxe. Poemas da doada certeza) Novoneyra. "Arrodeos..." engade fotografías en branco e negro de Federico García Cabezón, fotos cheas de presencias dos trasmundos do Courel. Engádense as composicións: "Pacios" de Blas Loures e "Encerado Gris" de Tino Grandio, concertulio dos anos sesenta no madrileño "Café Xixón", composición que Uxío inmortalizou nos Eidos: "Gris-Grandio"/ *Nun chover por siglos/ todo foise esluindo(...)* (sic)

Durante todo o verán do 99, a xente do Courel estaba preocupada pola saúde do poeta,

- *O Novoneyra non andaba ben, senón viría a Parada e este verán non veu.. A casa está pechada a cal e canto.* - dicían en Parada.

Cando estaba a piques de saír do prelo "**O libro de rotas- Ámeto mítico**", o destino encargouse de suspender a ilusión do poeta, agravouse a súa enfermidade e tivo que suspenderse a **homenaxe** que ía ter lugar o día 30 de outubro do 99. Amigos e admiradores prepararan con grande ilusión o evento: poetas, escritores, pintores, escultores, actores, músicos etc. 140 artistas que unirían os seus traballos pra homenaxear a Novoneyra. Pero ante a gravidade do poeta a homenaxe tivo que suspenderse e estableceuse o tempo do silencio.

(...) *Todo o que pasou o meu pobo, pasoume a min/ todo o que pasou o home pasoume a min(...)* Uxío Novoneyra.

Mercedes Vázquez Saavedra. O Caurel, primavera 2003.




Foto: Federico García Cabezón Uxío Novoneyra



Esta poesía inédita fíxonola chegar o autor a través de Federico García Cabezón para fose publicada na Revista do Caurel e que dedica a Uxío Novoneyra seu amigo persoal

A UXÍO NOVONEYRA

Por MANUEL MARÍA

UXÍO DO CAUREL DOS TESOS CUMES
onde é o silencio, a inmensidade
e os humanos somos pouca cousa:
comigo levo un nada e todo
da grave maxestade dos teus montes
e na tenaz lembranza teño vivo
o inefable sorriso do teu pai,
a palabra pura, máxica, ancestral
da tua boísima nai Manuela Neira
--que a mín me titulou de fillo seu--,
a tua irmá Elisa, o teu sobriño...
tampouco me esquezo dos criados:
o Fontes, Basilisa...,

nen de quen
compartiu con vós traballos, días
e fondos ensoñares: maría Mariño
e os longos silencios do Roberto:
todos historia viva e verdadeira
da tua valeira casa de Parada
da que nunca se van os devanceiros.
No fondo mais fondo do meu ser
gardo os nosos días lugueses,
pargueses, compostelanos, caurelaos,
coruñeses, levamos, betanceiros,
a imborrable presenza de Maside
don Ramón, Fole, Cuña e Pimentel.
Naquel lonxano tempo nós andábamnos
a estrenar conciencia e ilusiós
feridos por Galiza para sempre
e, anque padecemos anos tráxicos,
viles, brutales, miserentos
NON NOS DOMESTICARON: RESISTIMOS
SEN QUE A MALLA DA ARGOLA NOS MARCARA.
Sospeitamos, intuímos, aprendemos que
xente, terra e fala son a patria:
patrimonio común que nós herdamos
e só nos pertence en usufruto
tendo o sagro deber de transmitirlo
ós galegos que veñan para darlles
espírito de seu e casa propia
na que a nosa nación viva e perviva.
O Caurel e a Terra Cha agora son
sombras lonxanas, mudas, imposibles
habitadas de noite, néboa e soedade.
Mais, nesta insegura tarefa do existir,
tí tes firmes certezas que te amparan:
Elva, Branca-Petra, Uxío, Arturo
nos que Galiza latexa e continua,
johu amigo mais que fraternal
deica ó infindo de tódolos infindos!



Serigráfica
ARGENTINA

IMPRESIÓN SOBRE TODO
TIPO DE MATERIAL

C./ Flor de Malva, 21
Tel. y Fax - 982 20 21 93
Garabolos - Lugo

A FESTA DA CASTAÑA EN PAREDES (LOUZARA)

No enclave natural de O Caurel, aínda que administrativamente pertenza ó Concello de Samos, atópase un dos vales máis fermosos do interior de Galicia. O río Lóuzara dálle o nome. As primeiras augas recólleas nas terras de Pedrafita, preto do Poio, na Parroquia de Louzarella; adéntrase no concello de Samos e dende aquí empeza a formar o VAL DE LÓUZARA hasta adéntrase nas terras do Caurel e xuntar as súas augas coas do Lor o ladiño do lugar do Touzón.

Si algo define este Val é a súa beleza paisaxística, un entorno natural a ter en conta. As fértiles terras fan o hábitat axeitado de castiñeiros e carballos. As ladeiras cóbrense de soutos, un dos recursos máis relevantes: a produción de castañas, unha das máis importantes da zona a pesares que cada día está a mermar, o baixo prezo que se paga ós produtores e o envellecemento da poboación leva o abandono dos castiñeiros. Para rexurdir e dar valor ós soutos e a produción de castañas entre outras actividades a Parrillada PAREDES está a organizar tódolos anos a Festa da Castaña sempre coincidindo co último sábado do mes de Outubro. Este ano chégase a V edición e celebrarase o día 25. A boa acollida que este acto tivo e que, edición tras edición, está a contar cun maior número de visitantes, fixo que o seu organizador e responsable Jose, dono da parrillada, decidise crear unha Asociación e así traballar en conxunto para promocionar e dar a coñecer as terras do Val de Lóuzara.

A Festa da Castaña de Paredes, senón a primeira, unha das primeiras que na honra deste froito se celebra en Galicia, conta cunha morea de actividades ó longo da xornada: a mostra de aserrado de madeira con serra de aire, a pisa, degustación de castañas, carne a grella e actuacións musicais, todo esto xunto ca impresionante

paisaxe que dende o lugar se pode contemplar.

Para achegarse a esta zona son varias ás opcións: dende Incio collemos a estrada en dirección a Ferrería e a continuación o Caurel; logo de baixar da Casela atopamos, perfectamente indicado, unha estrada que paralelo e na marxe dereita do Lóuzara, nos leva a atravesalo val polo medio. Tamén dende Incio podemos coller a estrada que indica a Foilebar e dende aquí adentramos en Lóuzara. Dende Samos parte unha estrada da LU-634 que indica O Caurel, logo dunha estrada que vai case en constante ascenso chegamos ó alto de Aira Padrón e aquí un indicador dinos cal é o camiño a seguir. Se nos atopamos no Caurel, dous son os xeitos de chegar: dende Seoane e seguindo o indicador que, un quilometro máis arriba de Seoane en dirección a Pedrafita atopamos, nos guía para Samos, logo de pasar Pedrafita do Caurel, (última aldea do Concello do Caurel) chegamos ó alto da Pedra, aquí é case que obrigada unha parada, xa que se pode contemplar a grandeza do Val. Outro dos camiños que dende o Caurel nos leva en dirección a Lóuzara é a estrada que parte da LU-651 entre Folgoso e Seoane, aquí nos indica o camiño en dirección Incio, pasamos Sobredo, Seceda, Lousadela e Cortes e o pouco de deixar o Concello do Caurel, collemos á dereita, indicado perfectamente.

Calquera momento e estación do ano son bos para achegarse á zona. As beiras do río, o tipismo das aldeas, as ladeiras calizas e, como non, a gastronomía, un dos atractivos fortes. Na parrillada Paredes un dos poucos establecementos, pódense degustar carnes da zona a grella, riquísimas troitas e produtos tan típicos destas terras como castañas, caza e produtos do porco.

A Redacción

CASA CONSTANTINO

APARTAMENTO DUAS
HABITACIÓNS DOBRES

HOSPEDAXE E COMIDAS CASEIRAS

GRUPOS HASTA
8 PERSOAS

ESPECIALIDADES EN COMIDAS CASEIRAS:

Tabla de embutidos caseiros - Tortilla campeira - Cordeiro do Caurel - Terneira da casa - Variedade en postres caseiros

Venta de camisetas e outros artigos do Caurel

Folgoso de Caurel (Lugo) Telf. 982 433005

O ÁMBITO

Primeiro foi a xeografía. Un breve artigo, unha referencia nalgunha revista que sinalaba un lugar apartado, na Galicia interior, que milagrosamente, polo seu mesmo esquecemento, parecía conservar prodixios. Espertou así o interese, a curiosidade por un ámbito que permanecería aínda difuso despois do primeiro encontro, do que lembro unha alfombra de follas oxidadas, crocantes coma unha torrada baixo as pegadas, antes de empapuzar nas primeiras ramplas da Devesa da Rogueira. Un convite a volver.



CORTES

Foto: E. Méndez

Así se foi logo concretando o territorio, con anacos de Novoneyra e sucesivas visitas en excursións do Club Fontiñas. A xeografía poboábase de nomes; a memoria gardaba imaxes: A Seara, lenzo de lousa cun cemiterio minúsculo e cómplice; a lagoa de Lucenza, agonizante pola colmatación e malferida por desafortunadas repoboacións; a Devesa, por fin, da Rogueira, bosque encantada onde poderían habitar todos os gnomos...

Fer e Espe, bos amigos e seducidos irremediabilmente polo Caurel, non só me impregnaron con parte do seu entusiasmo e do seu cariño por eses lugares, senón que me iniciaron na súa linguaxe propia. E aprendín que é un souto e unha candea; cómo se produce o milagre das devesas e por qué, afortunadamente chegaron case incólumes ata nós; como cada nome; Río Pequeno, Ferreirós, Ferramulín... é como un pano dun escenario que ao alzarse narra unha e mil historias; cómo a mesma palabra, alvar ou alvariza, de fermosas resonancias árabes, designa a mil quilómetros de aquí a terra que reflicte o sol con luminosidade cegadora no Sur, entre Xerez e o Porto de Santa María, entre o fino e a manzanilla, e aquí, as sabias construcións que, empolicadas en lugares imposibles, protexían a dourada colleita dos antigos trobos.

Ao contemplar o desamparo destas fortalezas irrepetibles, algunhas con máis dun século de historia, devoradas non tanto pola vexetación como polo esquecemento e a desidia, que calquera país sensato conservaría celosamente e amosaría con orgullo como parte do seu patrimonio histórico, a rabia e a amargura confúndense. Como tamén, e doutro xeito, se confunde quen equipara o progreso co número e ancho das pistas, de trazados brutais que conducen da nada a ningunha parte; e os que importan para as súas colmeas abellas de especies foránea, que poden ocasionar unha seria alteración biolóxica. Son os mesmos necios conxurados.

NOTA:

A Asociación "**FORTE do MILAGRO**" non se responsabiliza do contido dos traballos e cartas que se publican nesta Revista, pasando esa responsabilidade ó autor ou autores. É o noso desexo que estas follas sirvan de entretenemento, e, dalgún xeito, den a coñecer máis o Caurel, as súas necesidades, inquedanzas, a súa cultura e tradicións, os servicios, as fermosas paisaxes etc. Agradecemos tódalas cartas que nos están a chegar para que a través deste medio podan ser lidas por quen olla ou curioseia esta revista, pero, é conveniente que cando nos envíes estes escritos, veñan acompañados dos datos personales do autor, aínda que asine con pseudónimo. Si desexas que a túa carta ou traballo saia no próximo número, non tardes en enviala, a ser posible antes do 31 de Outubro do 2003.

Esta publicación faise en Galego nalgunhas ocasións este galego é o que falan e escriben as xentes do Caurel e nos temos que respetar, como excepción tamen algún texto pode ir en Castelán cando o autor ou as circunstancias así nolo piden.



CASA
CATUXO

**COCINA NATURAL
DE LA TIERRA**

Teléfono para encargos: 982 16 52 13
Ponte de Valdomir - Folgoso do Caurel

As voces



Vilamor

Foto: José Manuel Carreira

Igual ca nas Hurdes extremeñas, as Alpuxarras granadinas, o Atlas bérber ... a paisaxe do Caurel é produto do tempo e do home sobre unha xeografía en principio hostil coa que, sabiamente, durante moitos anos e sen ser coaccionada, se estableceu un pacto mutuo de convivencia. Na mente dos seus poboadores o sentido común imperaba antes de que se cuñase o termo "sostibilidade". Prados e labradas, soutos e sobreiras, tesos e carrouzos, fervezas e muíños... compoñen un conxunto harmónico único que esperta admiración cara ese "Mestre Mateo" colectivo e anónimo que esculpiu esta paisaxe.

Pero ao contrario que no "Pórtico da Gloria", perenne sobre a pedra labrada, esta obra é fráxil e caduca e eslúese paulatinamente a medida que os prados e cultivos se abandonan, as canles de rego se embozan, as aldeas declinan e se deshabitan... A medida que a maleza devora os camiños, esa man amiga que te conduce pola paisaxe. Unha paisaxe conteno todo: a vida, a natureza, a pegada da historia e de todos cantos pasaron antes ca nós, e, mellores ca nós, souberon respectala. Cando desaparece un camiño, por esquecemento, por abandono, pola desidia das administracións,

exterminamos a posibilidade de acceder a un fragmento de todo iso: historia, vida, natureza... moitas veces dunha forma irrevogable.

Pouco a pouco a paisaxe tomaba nomes pero permanecía muda, cando os camiños estaban sementados de voces. Foi con eses xa amigos da Asociación "Fonte do Milagro", que están realizando un labor titánico para rescatar e conservar os camiños do Caurel, co seu tempo e traballo, con quen aprendín a escoitar esas voces. As do indiano que, mozo, marchou de polisón e viviu a titánica construción do canal de Panamá, a vertixe da febre do ouro en Alasca, para retornar finalmente á súa aldea de Froxán polo mesmo camiño que o vira partir cara á

Pobra de Brollón, con máis anos e a música que atesouraba un gramófono que foi, mentres funcionou, unha máxica chistera. As do xogador do River Plate, que desandou o andado polos seus antepasados para coñecer as súas orixes... Escoitas o relato xa lendario-da épica loita do Sr. Evaristo coa máis descomunal troita que habitara as augas do Caurel e estás revivindo a pugna de *O vello e o mar* de Hemingway. Atendes as risas e as miradas chispentas do Sr. Carreño cando se lle iluminan os ollos na festa da serra do aire, cando os seus brazos octoxenarios manexan a ferramenta cunha destreza e un vigor sorprendentes e podes albiscar nos seus diálogos de ordes concisas, na economía dos seus xestos, unha chea de historias revividas.

As voces están aquí, no lugar onde aínda a posición do canto do moucho informa se vai amencer nubrado ou despexado, segundo de qué lombra, de qué vereira xurda; onde quedan os nomes necesarios para que cada cepa dun pequeno viñado teña o seu propio, e por eles os coñece e recoñece non o seu propietario, senón o seu amigo. As voces son un murmurio tenue e é aínda tempo de escoitalas.

Felipe Molinero

euro 
 lack
 fábrica de pinturas

pinturas **RICARDO**

RICARDO VARELA VARELA
 DELEGADO DE VENTAS

M^a TERESA CASTRO ÁLVAREZ
 VENTAS

C/. Manuel María, portal 1 - baixo A
 Tfno. y Fax 982 212 209
 Particular 982 245 248
 27003 LUGO

LUGARES PARA VISTAR

Sin lugar a dúbidas si preguntamos a calquera das moitas persoas que se achegan O Caurel si coñece ou pasou polo pobo de Vilar de seguro a resposta sexa afirmativa, o encanto e beleza que a rodean fan que achegarse hasta aquí sexa case que unha obriga. ¿Quen non coñece a construción castrexa que a poucos metros da aldea se atopa nun montículo sobre un recodo do río Lor?. ¿Quen non se detivo a contemplar o fermoso souto de castiñeiros que rodea o lugar?. ¿Cantos pasaron por aquí sen deterse a proba-las frescas augas da Fonte da Saúde, como aquí lle chaman?. Esta aldea que pendura das ladeiras do Boi e que contempla de fronte o maxestuoso monte de Penido e a Igrexa de San Vicente de Vilamor, un lugar onde semella deterse o tempo, onde os poucos veciños disfrutan da paz e do sosego dun paraíso encantado. Aquí so rompen o silencio o cantar dos paxaros e o murmuro dos moitos e moitos viaxeiros que, na percura dun pouco de tranquilidade, se achegan a repostar como se dun surtidor se tratara. Pero esta paz e sosego só se pode disfrutar aquí.

Si algo nos lembra o pasado, presente e, case se pode dicir que, o futuro, e que todos os que hasta aquí se achegan teñen que ollar, é o museo etnográfico. Unha impresionante colección de pezas que Xan do Ferreiro, persoa inquieta por amosar a riqueza etnográfica do Caurel, pouco a pouco e cun afán envexable conseguiu xuntar unha tras outra, unha morea de artiluxios, aperos de labranza en desuso dende aí moitas décadas, trebellos e útiles usados para a caza e a pesca que xa ninguén dos hoxe en día vivos lembra utilizar, ferramentas usadas por ferreiros, canteiros, carpinteiros, albardeiros, e de outros dos moitos oficios que o longo dos tempos eran o quefacer diario das xentes da Serra. Moitas das pezas que neste pequeno, pero variado museo, se poden ver foron recuperadas na aldea e outras noutros lugares do Concello, nuns casos doadas e noutros mercadas. Xan foi pouco a pouco arraxando un baixo que noutros tempos serviu para aloxar a facenda e coma fragua que seu pai Modesto, Ferreiro de Vilar como así se coñeceu en toda a redonda; a súa

destreza no manexo e transformación do ferro aínda están latentes hoxe en día. En moitos fogares da zona aínda se usan aperos de labranza elaborados por el. Parte desta mestría herdouna o seu fillo Xan que de vez en cando da unhas leccións na fragua recuperada por el. O vivir tan de preto o oficio fai que no museo garde dende os útiles clásicos dun ferreiro hasta moitas pezas elaboradas polos seus antergos e que a bo seguro algunha delas só poda ser ollada aquí; pezas únicas que, se non teñen un gran valor material si teñen un incalculable valor sentimental.

Si nos achegamos a Vilar andando, en coche ou calquera outro medio, case que obrigatoriamente topamos nas portas do museo, por diante atravesan as rutas de sendeirismo de Baldomir a

Froxán e na porta conflúe ca ruta de Vilamor o Castro e Froxán. Na porta e nas paredes xa é clara a referencia do que atoparemos no interior; rodas de vellos carros, arados romanos e outros apeiros, penduran das paredes a ámbolos lados da porta de entrada, nela poden verse carteis que nos informan e nos din ca entrada é libre e onde se atopa a chave de acender a luz, por se en eses intres Xan non se atopa no lugar: O abrir a porta atopamos un local duns 8x8 metros, o suelo e as paredes ateigadas de *trastos*, como algún lle chama, útiles do mais variopinto, pezas difíciles de

atopar noutro sitio. E si na visita nos acompaña Xan explicaranos, con amabilidade e con todo detalle, para que serve ou serviu, que funcións ten cada peza e como funcionan ou funcionaban; en tan pouco espazo poderemos ollar, e así imaxinar un pouco o pasado do Caurel. O saír atopamos un carteliño enriba dunha furna feita de corcho que nos indica que se pode facer unha aportación voluntaria para o seu mantemento ¿logo de ver isto alguén pode saír sen deixar uns céntimos?. A visita valeu a pena. Nestes intres o propietario descoñece o número de pezas que esta pequena xoia aloxa, pero di que está a traballar para ordenar todo, iluminar mellor o local e o mesmo tempo facer inventario de todo o exposto, e todo só coa vontade e o cariño que por isto sente. Que esta vontade continúe e así tódalas persoas que por aquí se acheguen podan coñecer un pouco mellor a historia do Caurel. Pasen e vexan!!!...



O Museo

Foto: E. Méndez

EL GORDO DE La Primitiva

Bono  Loto

La  Quiniela

La  Primitiva

Reserve xa a súa Lotería de Nadal

ADMINISTRACIÓN Nº 12

Crta. N-VI, km. 501,6

27004 LUGO

(Centro Comercial Carrefour)

Telf. 982 203 159

SEGUIMOS FALANDO DE OBRAS

Levo uns meses de búsqueda infructuosa; aquel peculiar personaxe que pico en man e con vocación de comer o mundo me atopei nun dos meus viaxes pola xeografía caurelá, desapareceu. Percorrín as estradas, camiños, carreiros e corredoiras, e tal obreiro non deu mostra de vida e adoito pensar que aquela postura de esforzado picador só serviu para facela foto; e a min que me parecía home serio... ¡unha tomadura de pelo máis! ¡Outra promesa electoral!. O peor da situación non é atopar ó home, o que máis me doe é que as estradas das que me falou que ía adacentar non seguen igual, están peor. Neste tempo de busca coincidín cos políticos facendo a súa caza do voto para logo "servir" ó pobo e pensei que eles formaban parte da empresa do noso particular picador, e polo que falaban ían seguir a labor de arranxar as estradas, camiños, carreiros, facer pontes aínda que non houbera río e facer ríos si fora necesario para logo facer pontes, toda unha morea de obras!.... Na boca de todo o mundo estaba unha data: o 25 M, o tan sinalado día no que a partires de... os problemas do Caurel deixarían de ser problemas. E pico días despois os problemas seguen a ser problemas e o que o noso protagonista aventurou para uns cen anos, aconteceu en poucos días e moitas das vías do Caurel só están aconselladas para peóns e animais de montura e co grave risco que teñan que ser pechadas para o tránsito de estos, e senón fagan un percorrido e xulguen vostedes. Achéguese a corredeira que dende Froxán, pasando polo Castro de Portela, nos leva a Vilar de Lor e dende aquí a Quiroga, Monforte ou calquera lugar do mundo e comprobén si son capaces de transitar por ela, vexan o seu estado. Aconsello vaian con toda a precaución, si caen nun furado dos moitos existentes terán que recurrir a un guindastre para que del o saquen. Uns días antes do dito 25 M unha máquina facía crer que o problema se ía arranxar; os veciños nin se imaxinaban que era unha *vacilada*, outra tomadura de pelo, e meses despois seguimos a sufrir na nosa pel e nos baixos do noso coche, golpes e máis golpes. Ridículo!, si así se pode chamar que na anteriormente citada estrada uns 50 metros sigan sen pavimento nun estado case intransitable, vexan a foto e xulguen. Igual este anaquiño de terra non ten dono e esa é a razón do seu estado. Haber si é verdade e se cumpre o que aí uns días se oíu comentar, e que dentro de nada se ía arranxar, digo parte dela.

E sigamos o percorrido polos camiños do mundo. Vamos votar unha ollada a corredeira que vai dende Eiriz a Lousadela, outro dos camiños de que moito se pode falar, unha vía de terceira división, ¿ou serán de terceira división os seus transeúntes?,

veciños de Eiriz, Lousadela ou de calquer outro lugar, por que moitas son as persoas que se aventuran a facer estes 4 Quilómetros!!! de ruta 4x4. ¡ai que votarlle valor!. E sigamos o percorrido para chegar o carreiriño das perdices que da saída o Carballal hasta a Pedra da Seara e a Poboia de Brollón. Vaíamos a modiño, podemos caer nun furado e adeus meu peso!.

Vamos o outro lado e dun salto chegamos a estrada de Vidallón a Vilar. Bueno a hora de redactar esto, atópase en obras, así parece. Esa foi a promesa que se fixo antes das eleccións municipais pero parece ser que a promesa só se cumpre a medias, por que para vergonza de moitos



Foto: E. Méndez

só se vai pavimentar un anaco, descoñezo a promesa feita para dita obra. E si a distancia arranxada é proporcional o número de votos obtidos polo partido en cuestión. ¿Cal é o prezo do voto?. Os veciños de Vilar e os centos e centos de persoas que utilizan este camiño merecen un respecto, ¡son contribuíntes!.

Falamos só dalgunhas das estradas en cuestión, hai máis así polo Caurel, pero si vostede, lector desta revista, ten algunha dúbida, dese un *garbeo* polo territorio e logo faga o seu comentario. Dea a súa opinión.

Esperemos as vindeiras eleccións e escoitemos ós políticos facer máis e máis promesas, máis e máis obras e fagamos á idea de que de novo volven a ser promesas e outros catro anos seguimos igual. Si ben quedanos a esperanza do vaticinio que o famoso picador en paradeiro descoñecido fixo na súa entrevista publicada no anterior número desta revista, onde case aseguraba que en cen anos podía quedar resolto o problema das estradas no Caurel. ¿Quédanos outro remedio?. Pois AGARDEMOS. ¡Quen vai ser!.



*Restauración, Reciclaxe
e Moble rústico artesanal*

A toca, 4
29320 Quiroga (Lugo)
Telf. 982 15 54 00
Móvil 679 22 68 62
www.compunova.net/armaior

COUSAS QUE ACONTECERON

HOMENAXE A LINO DE PIÑEIRA

O pasado día 3 de maio no Caurel volveron soar as gaitas da homenaxe e neste caso adicadas a Lino de Piñeira, como así se coñece.

Xosé Lois Foxo organizou esta festa para render homenaxe a un dos moitos gaiteiros que deu a xeografía caurelá. Axornada foi moi emotiva, amigos, veciños e en xeral o mundiño musical do Caurel, acompañou a Lino nesta Xornada. Logo de acudir a unha misa, os rapaces da Banda de Gaitas do Caurel tocaron unhas pezas para o homenaxeado, ó final tamén acompañou ós rapaces interpretando unha das pezas

do seu repertorio. Un bo número de persoas déronse logo cita no Restaurante Casa Ferreiro para degustar un xantar e animar a tarde onde non faltou todo tipo de actuacións.



NOVAS CITAS

II FESTA DA EMPANADA DE ACELGA

A asociación A Coroa de Folgoso corre ca organización da II Festa da Empanada de Acelga que se vai celebrar o día 10 de Agosto en Folgoso. Como na anterior edición este colectivo ten previsto poñer a disposición das persoas que se acheguen a esta festa un bo número de racións de empanada de acelga e outras típicas da zona. Os moitos asistentes á primeira edición e a boa acollida que tivo, fai pensar á organización que o número de participantes vaia aumentar. O programa para esta xornada é o seguinte:

As 13,30 Comezo da festa e degustación da empanada,

As 16,30 Un animador e un paiaso da empresa de animación *Animatium* farán as ledicias dos mais cativos,

A partires das 16,30 o dúo musical *Rolle* animará o primeiro pase de baile, para darlle o paso a orquestra *Burdons* que actuará na verbena hasta altas horas da madrugada.

Paralelamente a estes actos poderase contemplar unha exposición de foto antiga que o colectivo A Coroa organizou dentro do programa festivo.

Tamén se poderán ver as obras do II Certame de Pintura Rápida ó Aire Libre "Fonte do Milagro" que organizada polo colectivo caurelés que da nome o Certame se celebrou o día 12 de xullo, esta exposición poderá visitarse hasta o día 21 de agosto.

MAIS FESTAS

Ca chegada do verán, O Caurel é un rebulir, un ir e vir de persoas que por uns días voltan xunto os seus ou a terra que fai uns anos deixaron. Con eles chegan as festas e celebracións, poucos son os pobos da zona que non aproveitan estas datas para honrar o seu patrón ou buscar calquera escusa para facer festa. Temos xa constancia de algunhas destas festas: así o día 24 de Xullo e organizado polo Bar O Pontón, en Ferreirós de Abaixo honran o Santo Apóstolo como así fan os veciños de Castro de Portela o día 25. O día 8 o Mesón Catuxo na Ponte de Balmir organiza a festa do verán, o día 14 na Ferreira de Seoane celébrase a Festa do Emigrante neste caso a organización corre a cargo da Asociación Formigueiros, o día 15 aínda sen confirmar pero seguro a parroquia de Meiraos celebre as súas patronais; o fin de semana seguinte Santa Eufemia celebra os seus festexos, o día 20 e 21 en Froxán hónrase a Santo Estevo, patrón do lugar, no veciño Bustofrío xa no Concello de Samos, o día 25 celebran as súas festas, neste lugar ten moita sona a obra representada polos veciños que se pon a escena o 24 a tardiña. Outras moitas serán as festa que nestas datas se celebren na zona pero ó peche deste número non temos constancia delas.



ARIAS NADELA

COCINA Y BAÑO



Nueva exposición en:
Polígono de Pocomaco
Parcela B-11
A CORUÑA

<http://www.ariasnadela.com>

Telf: 981 170983

Fax: 981 175134



LUGO

Rda. de la Muralla 124 Telf.- 982 245909
Tolda de Castilla s/n Telf.- 982 221 254

A CORUÑA

Fernando Macías 22 Telf.- 981 258556
Polig. de Pocomaco Parc B-11 Telf.- 981 170983

En ARIAS NADELA las mejores marcas para cocinas y baños
ROCA - MIELE - "TAU GRES"
VELUX - CERÁMICAS DEL FOIX
BELLAVISTA - BOSCH

Y en LUGO también
PORCELÁNOSA



NOTAS II

IV FILANDÓN DE MÚSICAS DO CAUREL

A última hora nos chega notificación da data do que vai ser o IV Filandón de Músicas do Caurel que baixo a organización e dirección de Xosé Lois Foxo vaixe celebrar,

como ven sendo habitual, no Lago de Esperante (Camping) o día 3 de agosto. Este ano conta cunha invitada de luxo, a gaiteira Cristina Pato. Durante a xornada moitos serán os músicos que participen neste acontecemento que edición tras edición ve medrar o número de seguidores

FAITE SOCIO COLABORADOR

Si desexas formar parte deste colectivo, participar nas actividades que organiza, recibir a Revista no teu enderezo, etc. Cubre os datos do recadro inferior e envíaao a: **Asociación "FONTE do MILAGRO" Froxán, s/n 27325 O CAUREL - Lugo**

Apelidos..... Nome:..... D.N.I.....
Enderezo:..... C.P:.....
Localidade..... Provincia..... Teléfono.....

A correspondente ó ano 2003 é de 15 € e a modalidade de pago:

☐ Domiciliación bancaria
(marca a opción desexada)

☐ Pago en efectivo

☐ Transferencia bancaria

- Para transferencia bancaria podes facer o teu ingreso na conta Nº **3070/0006/52/0205002460** aberta a nome da Asociación na oficina de Caixa Rural de Folgoso do Caurel. (Lugo)
- Para domiciliar os pagos cobre os teus datos bancarios.

DOMICILIACIÓN DE PAGOS

Nº de CONTA (20 dixitos)/...../..... Titular:.....
Banco ou Caixa..... Enderezo.....

Sr Director do Banco ou Caixa: Teña a ben cargar na miña conta e hasta nova orden, tódolos recibos que sexan presentados pola Asociación "FONTE do MILAGRO"

Sr. Director del Banco o Caja: Tengo a bien cargar en mi cuenta y hasta nuevo aviso todos los recibos que sean presentados por la Asociación "FONTE do MILAGRO"

O titular da conta

En,..... a..... de..... de..... Asdo:.....

ACAMPAMENTO O CAUREL
CAMPING - BUNGALOWS

ESPERANTE - SEOANE

RESERVAS:
Viajes QUIMATURS - LUGO
Teléfono (982) 24 61 11
Tfno.: Camping: (982) 43 31 01

CAFETERÍA
NAGASAKI

Disfrute en nuestra terraza de gran variedad de:
Helados, Cafés

C/ Pérez Colino, 7 - Telf. 987 41 10 44
PONFERRADA



RECUNCHO PARA POESÍA

**¿LIBERDADE?
DÍAS DE GUERRA**

Apolo que trae-la palabra
Hoxe amósasme a máis dolorosa que hai
Verba liberdade
Que está perdida ¿onde vai?

LIBERDADE, catro sílabas de dor,
Son hoxe o sufrimento maior.

O mundo está en guerra,
Afundido en gris tebra.

Na latexante escuridade
Achégase a palabra LI DE
BE DA
R

Quere rexurdir das profundidades
Do abismo escuro dos males.

Quere ve-la luz do día;
Quere borrar a nosa apatía.

LIBERDADE en contra dos blasfemos corvos
da política

LIBERDADE con azo de paz e rebeldía.

LIBERDADE para o oprimido pobo que quere
unha tarde tranquila

LIBERDADE para o home ó que a serenidade
lle fusilan.

LIBERDADE para o periodista morto cando a
súa diaria crónica escribía.

LIBERDADE, sí
En días de guerra, é esquecida.

Pdta. O pobo iraquí sigue oprimido polo valor
do petróleo

Natalia Aira

Nacerá unha pombiña

Hoxe vin ferida unha pomba
branca.

E chovía riba da terra mollada,
a chuvia lava o sangue
vertido en terra de naide.

Os días corren
cara o fusco e morren,
e a noite co seu veo
tenta tapar as feridas.

A noite ten un saco negro
para esconder as mentiras,
garda os silencios feridos
e os espíritos mesquiños.

Tamén bouran pola noite
algunhas lembranzas nosas,
as que nos comen no peito e
queremos botar fóra,
e tamén aquelas outras que se
escoan da memoria,
son xinetes da penumbra e son
raíolas de lúa.

Ás veces para esquecer
é necesario meter
as lembranzas nunha urna.
Segue a chover riba da terra
mollada,
a chuvia lava as
feridas...

Paz, paz, paz, bombardeo de
palabras
baldeiras de sentimentos,
que andan espidas entre os
ventos,
núas de bicos, de corredoiras e
mares.

Paz: velaí esa palabra que ás
veces
vai correndo disfrazada de
traxedia...

Hoxe vin ferida unha pomba
branca,
tiña o corpo ferido de balazos
e ferido o corazón de hipocrisía.
¿E quen apertou o gatillo?
¿Onde buscar ó culpable
por este revoltado mundo?
¿Ninguén máis é responsable?...
Eu sei que os cazadores,
agachados nunha sombra,
contemplan sen rubor a súa
agonía;
entre eles moitos furtivos,
tamén cazadores desalmados
e salvadores de almas, todos
agrupados.
Hoxe morreu unha pomba
branca,
os corazóns nobres están
entristecidos.
Unamos todos as mans
e agardemos convencidos,
sen xenreira, sen morriña:
esta noite nacerá unha pombiña.

VICENTE TOUZÓN
Vitoria-Gasteiz e Sta Eufemia

Páxina Web da Asociación:

<http://fontedomilagro.webcindario.com>

Turismo

CASAS

Rural

CARLOS - COMERCIANTE - DOSINDA

6 HABITACIONES
SALON

APARTAMENTO 4 PLAZAS
COCINA

CASA COMPLETA
3 HABITACIONES

Vilamor do Caurel (Lugo)

Información e reserva: Tfno 982 155 618

LISTA DE SOCIOS

Evaristo Méndez Vila
 Salustiano Álvarez Seoane
 Elena López Rodríguez
 Victorino Regueiro Muñoz
 M^a Eugenia Bouzón Salgado
 Manuel Pombo Vila
 M^a de Cortes Rodríguez García
 José Chousa Álvarez
 Urbano Chousa Álvarez
 Amparo Chousa Álvarez
 Carlos Rollón Blázquez
 Ana Isabel Pereira Morán
 Evaristo Méndez Fernández
 Pilar Vila Méndez
 Servando Méndez Vila
 Rosario Atset Pérez
 Francisco Lorente Galera
 Ciana Méndez Vila
 Imelda Méndez Vila
 Carlos del Valle Chousa
 Pilar Souto Hernández
 Constantino Domínguez Cela
 Alberto Domínguez Fernández
 Gerardo Sánchez-Brunete Varela
 Xavier López Quiroga
 M^a Concepción Balado Regueiro
 José Ramón Escontrela Díaz
 Mercedes Vázquez Saavedra
 Angela Celada Domínguez
 José Manuel Lago Díaz
 Moisés López Álvarez
 Gumersindo López Álvarez
 Visitación López Álvarez
 Manuel Seoane Vila
 Trinidad Tomás Bertrán
 Teresa Seoane Tomás
 M^a José Esteban Ibáñez
 Pedro Álvarez Vázquez
 M^a Eva Méndez Fernández
 Ramón Regueria Vázquez
 Jorge Marcos López
 Pedro José González López
 Avelino López Francisco
 M^a Luisa Rodríguez Balboa
 Orlando Álvarez Álvarez
 Manuel Álvarez Álvarez
 Josefina Carrete Rodríguez
 M^a Luisa Vilas Agraso

Antonio Baeza Barrantes
 Severín Vila Veiga
 Pedro Luis Reimunde Vizoso
 Manuela Vergara Chousa
 Jorge Vila Prieto
 José Ramón López López
 M^a del Carmen Trigo Schneider
 Lucía López Trigo
 Arturo García Guntiñas
 Angel Conde González
 José Manuel López López
 M^a Rosa Morales Fernández
 Fernando García Fernández
 Luis Edison Patiño López
 Arturo Argilés Rodríguez
 Carlos Chousa Ramos
 Concepción Arza Arza
 Neves Arza Arza
 Lola Arza Arza
 Vanesa Arza Arza
 Edmundo Jesús Castro Vázquez
 Juan Carlos López López
 Rosa Gullón
 M^a Carmen Álvarez Blanco
 David Fernández Closas
 Alfredo Seijas Sainz
 Jesús Marcos Chaos
 Aida Soengas Castro
 Antonio Luis Moreira Rocha
 Montserrat Fernández Roig
 Susana Sampil Rodríguez
 Salvador Parareda Muns
 Laura Méndez López
 Cristina Álvarez López
 Stefan Pohler
 Aida Álvarez Ortiz
 M^a José López Álvarez
 Angeles Villar Varela
 Francisca Consuegra Ortega
 Sergio López Consuegra
 Javier Campo Vergara
 Manuel Fernández Fernández
 Gonzalo Otero Rodríguez
 Begoña López Rodríguez
 José Miguel González Tallón
 Graciano González Arza
 Javier Álvarez Raposo
 Anxo García González

Xulio Pérez Pereiras
 Fernando Peña Novo
 Celia Mallo
 Adriano Rego Macía
 Esperanza Muñoz Sanromán
 Manuel Díaz Pol
 Vanesa Díaz Fernández
 Raul Rollón Chousa
 Lorena Rollón Chousa
 Mercedes Méndez Fernández
 Carlos Puyo Méndez
 Manuel G. Méndez Ramos
 Manuel Pérez Zafiaurre
 Montse Álvarez González
 Jorge Luis Dopazo Fernández
 Xosé Luis Louzao Martínez
 Mercedes Vergara Chousa
 Nieves Sampayo González
 Manuel F. Pérez Pérez
 Joan Bauzá Llinás
 Pepe Xurxo Campo
 Mercedes Xurxo Mosoll
 Salvador Valín Jato
 José Manuel López Rodríguez
 Carmen Álvarez Álvarez
 Pedro Vázquez Álvarez
 Xaime Fariñas Chaos
 Susana Costa Castro
 Xosé Lois Foxo Rivas
 Manuel Arza Peral
 Enrique Castro-Acuña Marfany
 Ramón López González
 Ignacio Gómez Aparicio
 Guillermo Zearreta Urruzuno
 Beatriz Martínez Costas
 Guillermo Pérez Vidal
 Antonio Regueiro Bouzón
 Carmen María Regueiro Bouzón
 Rosa María Reguerio Bouzón
 Olga María Iglesias Vázquez
 Ignacio García García
 Fermín Pérez Panceiras
 Suso Sánchez Linares
 José Peña Murias
 Carlos Moreira
 Amparo Puchaü Somoza
 Xesús López González

Colabora:



Deputación de Lugo

A CANDEA Tamén en Internet

www.galiciadigital.com

Aberto dende Semana Santa
ata Outubro

Unha area recreativa
en plena natureza
do Caurel

Carnes a brasa e
productos da zona

www.galiciaonline.es/oponton

LU-651 (KM 28) Entre Folgoso e Seoane

Café-Bar O'PONTON

Ferreirós dábaixo Caurel

Tel: 982 16 52 18



CAIXA RURAL GALEGA

Oficina Folgoso do Caurel